



## Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudando, divulgando e defendendo o medio natural galego

### Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)



## Sra. Directora Xeral de Patrimonio Natural Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio Xunta de Galicia

**ASUNTO:** Trámite de audiencia no procedemento de elaboración do anteproxecto de Lei do patrimonio natural de Galicia.

D. Serafín J. González Prieto, en nome e representación da SGHN na súa cualidade de Presidente da asociación, fai constar os seguintes comentarios, alegacións e suxerencias:

### Comentarios Xerais

1. - A nova Lei non leva consigo ningunha mellora en relación co marco de protección ambiental establecido pola lexislación da Unión Europea (Directiva Aves, Directiva Hábitat) e Estatal (Lei 42/2007). Máis ben, o borrador da Lei do Patrimonio Natural de Galicia, realiza un proceso de simplificación e minoración da normativa existente, que semella a busca de reducir as obrigas de conservación e a protección efectiva dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural en Galicia. Algunhas destas modificacións chegan a alterar substancialmente a normativa estatal e europea, que da lugar a un posible incumprimento destas.

2. - Minimízase a importancia da Rede Natura 2000 na protección e conservación dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural de Galicia. Omítese termos e conceptos clave, así como a relación concreta dos compoñentes da biodiversidade (hábitats de interese comunitarios e prioritarios, especies de interese comunitario e especies prioritarias) estritamente protexidos pola normativa europea.

3. - Limítase a posibilidade de declarar novos espazos naturais en solos clasificados como solos urbanos, sen entrar a avaliar as repercusións que esta decisión ten para garantir un estado de conservación favorable dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural de Galicia. Mentres que se outorga total validez ao ordenamento municipal, independente da súa adecuación á actual normativa urbanística e ao feito de que na súa delimitación non se efectuou ningún tipo de avaliación obxectiva dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural. Máis aínda faise esta formulación sendo consciente que dentro dos espazos naturais protexidos de Galicia se atopan na actualidade solos urbanos delimitados sobre sistemas dunares, brañas, bosques naturais, etc, xerando unha situación de inseguridade xurídica nestes e na protección dos valores ambientais que albergan.

4. - Elimínase a posibilidade de tanteo e retracto nos espazos da Rede Natura 2000, tanto naqueles que de acordo coa vixente normativa (Lei 9/2001) xa a posúen, como nos futuros espazos que se poidan designar.

5. - Omítese artigos básicos da Lei 42/2007, mentres que noutros se realizan modificacións que reducen as cautelas e ámbitos de protección establecidos pola lexislación estatal. Isto vén a amplificar a realizada dende a recente normativa de caza de Galicia e leva a un incumprimento da normativa estatal relativa ao uso e tenza de munición de chumbo nos humidais.

6. - Devalúase a importancia dos humidais en Galicia. Óbviese calquera referencia á necesidade da súa conservación. Óbvianse as referencias á necesidade de catalogación e monitoreo. Omítese calquera referencia á prohibición que sobre o uso e tenza de munición de chumbo nos humidais se establece na lexislación estatal.

7. - Óbviese a importancia do medio mariño no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, eliminando a posibilidade de declarar espazos baixo a figura de Área Mariña Protexida, establecida na lexislación estatal, e non incluída no borrador da norma galega.



8. - Óbviase a importancia da xeodiversidade e dos seus distintos compoñentes. O concepto de Patrimonio Natural úsase en consecuencia de forma restritiva.

9. - Úsase de forma arbitraria termos xerando unha situación xurídica de indefensión, á vez que se describen outros de forma contraria ao coñecemento científico-técnico.

10. - Limítase a posibilidade de declarar novos parques a un valor superficial que carece de ningún tipo de xustificación científica ou técnica. E que de aplicarse con efectos retroactivos obrigaría a descatalogar 5 dos 6 Parques Naturais de Galicia. Os valores que agora se formulan para a declaración de novos Parques Naturais resultan superiores aos establecidos pola lexislación estatal para a declaración dun Parque Nacional.

11. - A xestión dos espazos naturais e dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural segue supeditada a cargos políticos sen contar cós criterios dos cadros técnicos, á gardaría e os vixiantes ambientais restando capacidade e independencia aos técnicos, vixiantes e gardas. O anteproxecto recupera a figura de Director/a para as Reservas Naturais e os Parques Naturais, eliminada de facto recentemente pola propia Dirección Xeral do Patrimonio Natural, aínda que formula este posto dende unha perspectiva excesivamente burocrática e por conseguinte inoperativa.

Tamén fórmase a posibilidade de designar un Director/a para espazos de escasa entidade superficial, como as microrreservas, pero non obstante non se formula esta para os grandes espazos galegos: ZEPA A Limia, ZEC Os Ancares - O Courel, ZEC Costa da Morte, etc. Estamos ante un modelo de xestión de áreas protexidas caduco que nada ten que ver co que debería ser unha administración ambiental no século XXI.

12. - Plantéxase a figura de Microrreserva como integrada dentro das Reservas Naturais. Esta formulación, así como as condicións outorgadas a estas fan imposible o desenvolvemento efectivo desta figura.

13. - Altéranse e esváense os obxectivos, procedementos e salvagardas de conservación que afectan aos espazos naturais da Rede Natura 2000, minimizando e ninguneando a normativa europea (DC 92/43/CEE) e estatal (Lei 42/2007).

14. - Cópianse artigos enteiros da recente normativa da Comunidade Autónoma de Castela e León sobre o Patrimonio Natural, eliminando ou alterando os aspectos clave que repercutirían nun fortalecemento das medidas de conservación ou no control daquelas actuacións irracionais e insostibles.

15. - A Lei non fai mención a documentos estratéxicos clave de ámbito internacional ou nacional relativos ao Patrimonio Natural, e tampouco fai referencia aos escasos documentos galegos: Estratexia galega para a conservación e uso sostible da biodiversidade, e á necesidade de promover a súa reformulación.

16. - O anteproxecto de Lei mostra unha formulación moi reduccionista en relación coa necesidade de inventariar, monitorizar e avaliar os diversos compoñentes do Patrimonio Natural. Contemplando soamente estas accións para algúns dos compoñentes. Entre as exclusións máis funestas se atopa a referida aos humidais ou aos compoñentes etnobiolóxicos.

17. - O artigo 2 da Lei formula a mellora do coñecemento científico como base da conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, en coordinación coas universidades galegas e coas demais institucións de investigación públicas ou privadas. Pero este loable propósito non queda reflectido no resto do articulado.

18. - O anteproxecto de Lei non contempla a realización e posta en marcha dun Catálogo de Especies Exóticas Invasoras. A catalogación de especies invasoras efectuada pola Unión Europea e polo Estado, dificilmente contemplan a alarmante situación que existe en Galicia en relación con estas especies. A falta dun catálogo galego de especies invasoras incide moi negativamente nas posibilidades de poder controlar e mitigar estes elementos adversos á conservación da biodiversidade.



19. - O anteproxecto de Lei do Patrimonio Natural, non contempla ningunha referencia ao Observatorio Galego da Biodiversidade e/ou o COGAMADS. Esta ausencia vén a reforzar que o modelo de xestión do Patrimonio Natural que formula o actual anteproxecto segue gravitando en criterios e modelos non participativos, á marxe do coñecemento científico e técnico.

20. - O anteproxecto de Lei do Patrimonio Natural resulta incapaz de frear a perda de biodiversidade que sofre Galicia, propoñendo un modelo de planificación e xestión do Patrimonio Natural alleo á realidade ambiental e territorial de Galicia.

21. - Na busca dunha maior transparencia do organismo autonómico responsable da conservación do Patrimonio Natural. A Lei debería establecer de forma nítida que a Dirección Xeral de Patrimonio Natural non poderá subvencionar ningún tipo de medida que poida afectar á integridade dos espazos naturais ou ao estado de conservación dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade. Este criterio debería quedar ademais moi claro en todas as convocatorias de axudas e subvencións. Así como publicar na web, todos os expedientes derivados destas axudas.

22. - Bótase en falla unha estratexia clara de apoio ás entidades de custodia do territorio.

23. - O borrador da Lei do Patrimonio Natural elude resaltar moitos dos aspectos claves que afectan ao estado de conservación do patrimonio natural de Galicia en relación coas distintas actuacións socio-económicas (p.e. actividades cinexéticas e piscícolas, actividades extractivas, enconos, etc.) e polo tanto faltarían as propostas de medidas concretas para garantir a conservación dos espazos naturais e a incidencia destas actividades.

24. - A Xunta de Galicia debería estudar o xeito de refundir a normativa ambiental para facilitar o seu coñecemento e aplicación pola cidadanía.

A parte destas consideracións xerais, detállase polo miúdo as alegacións, suxestións e comentarios que siguen en relación ao **Anteproxecto da Lei do Patrimonio Natural de Galicia:**

## Exposición de Motivos

En lugar de redactar un texto propio para o preámbulo do borrador do anteproxecto da Lei de Patrimonio Natural de Galicia [Borrador], amósase un copia reducida e modificada do establecido previamente na Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Nótase a eliminación, en relación co texto da norma estatal, de parágrafos ou frases que marcan liñas concretas de actuación destinadas garantir a conservación do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, que carecen de xustificación e poñen en dúbida o interese en cumprir e facer cumprir as normativas ambientais.

No borrador da Lei do Patrimonio Natural de Galicia, omítense referencias á política internacional e da Unión Europea establecida a partir do ano 2007, por exemplo os acordos adoptados pola Unión Europea en relación coa celebración da Conferencia das Partes da Convención sobre a Diversidade Biolóxica celebrada en Nagoia (Xapón), no ano 2010, onde se establecen as denominadas metas de Aichi, ou á "Estratexia da Unión Europea sobre a Biodiversidade ata 2020", adoptada no ano 2011 pola Unión Europea.

Ademáis:

- Se *"Galicia posúe un incomparable patrimonio natural de excepcional valor"* segundo expón o borrador, por qué ten a menor porcentaxe de superficie protexida de España e incumple os requerimentos da Unión Europea para ampliar a Rede Natura 2000?.
- Á vista da evolución do patrimonio natural e a biodiversidade galega nos últimos 15 anos, discrúpase abertamente da afirmación sobre a Lei 9/2001: *"As previsións desta lei e os seus desenvolvementos regulamentarios permitiron salvagardar os valores intrínsecos aos espazos naturais declarados como protexidos e manter nun bo estado de conservación a biodiversidade presente en Galicia"*.
- O borrador non se axusta ao principio de eficacia *"ao establecer os contidos necesarios para regular o patrimonio natural, sen resultar excesiva ou deficitaria na súa regulación e ao establecer un marco xurídico"*.



claro e facilmente comprensible para os distintos destinatarios desta disposición” como se amosa ao longo do presente documento.

- d. No Título I (artigos 1 a 20), en contra do que afirma, NON “se consolida a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, a precaución respecto ás posibles intervencións que poidan afectar negativamente ao patrimonio natural ou á biodiversidade, e a prevención dos problemas derivados do cambio climático.” NON é certo que “Na regulación dos instrumentos de planificación dos recursos e espazos naturais mellórase a súa sistemática e nivel de detalle, recollendo a prevalencia destes instrumentos de planificación sobre calquera outro instrumento de ordenación territorial, urbanístico, dos recursos naturais ou físico”. Estes feitos poderían levar a unha posible colisión co establecido nas Leis 33/2015 e 42/2007.
- e. Non se entende que as microrreservas teñan “data de caducidade” e que se deriven da figura de “reservas” da Lei estatal, coas que pouco ou nada teñen que ver.
- f. Non se entende que os parques naturais teñan unha superficie mínima (e ademais tan elevada) nin que ao longo da lei non se diferencien claramente os parques naturais e os nacionais.
- g. Habería que ser moi cautos co feito de que “Permítese que a área de influencia socioeconómica dun espazo incluído nesta rede galega abarque non só ao termo municipal no que se ubique o espazo e a súa zona periférica de protección, senón tamén a outros municipios limítrofes e recóllese a posibilidade de que a Xunta de Galicia outorgue axudas nestas áreas para o desenvolvemento de actividades tradicionais sostibles”, pois podería incentivar a picaresca de non querer ser espazo protexido pero que o sexa o concello veciño.

**Proposta:** Nova redacción.

## Título -I. Capítulo -I.

### Artigo 1.

O artigo 1 deriva do establecido na Lei 42/2007, eliminando o principio referido "ao deber de conservar" establecido na Constitución (art. 45.2). Esta omisión non ten ningún tipo de xustificación.

#### ☉ Ley 42/2007

*Esta Ley establece el régimen jurídico básico de la conservación, uso sostenible, mejora y restauración del patrimonio natural y de la biodiversidad, como parte del deber de conservar y del derecho a disfrutar de un medio ambiente adecuado para el desarrollo de la persona, establecido en el artículo 45.2 de la Constitución*

#### ☉ Borrador

*Esta Lei ten por obxecto establecer o réxime xurídico aplicable no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia para garantir a conservación, o uso sostible, a mellora e a restauración do patrimonio natural e da biodiversidade.*

**Proposta:** Manter integramente o texto contemplado na Lei 42/2007.

### Artigo 2: Principios xerais

O borrador da Lei do Patrimonio Natural de Galicia non inclúe ningún dos obxectivos da Estratexia da Unión Europea sobre a Biodiversidade ata 2020 (Unión Europea, 2011).

Comparando os principios xerais establecidos no borrador e na Lei 42/2007, evidénciase a omisión de varios deles. En concreto os designados na lexislación estatal coas letras i, j, k, que aluden a aspectos clave na política sobre o Patrimonio Natural e a Biodiversidade (cambio climático, sostibilidade, participación cidadá). Análogamente os apartados a, c, e, da norma estatal aparecen agora recortados en aspectos igualmente clave: Servizos dos Ecosistemas (a), Particularización da xestión racional dos recursos naturais (c). Toma de decisións (e). Todos estes recortes son dificilmente comprensibles e menos aínda xustificables.



## © Ley 42/2007. Artículo 2.

Son principios que inspiran esta ley:

- a) El mantenimiento de los procesos ecológicos esenciales y de los sistemas vitales básicos, respaldando los servicios de los ecosistemas para el bienestar humano.
- b) La conservación y la restauración de la biodiversidad y de la geodiversidad.
- c) La utilización ordenada de los recursos para garantizar el aprovechamiento sostenible del patrimonio natural, en particular, de las especies y de los ecosistemas, su conservación, restauración y mejora y evitar la pérdida neta de biodiversidad.
- d) La conservación y preservación de la variedad, singularidad y belleza de los ecosistemas naturales, de la diversidad geológica y del paisaje.
- e) La integración de los requisitos de la conservación, uso sostenible, mejora y restauración del patrimonio natural y la biodiversidad en las políticas sectoriales y, en particular, en la toma de decisiones en el ámbito político, económico y social, así como la participación justa y equitativa en el reparto de beneficios que se deriven de la utilización de los recursos genéticos.
- f) La prevalencia de la protección ambiental sobre la ordenación territorial y urbanística y los supuestos básicos de dicha prevalencia.
- g) La precaución en las intervenciones que puedan afectar a espacios naturales o especies silvestres.
- h) La garantía de la información a la ciudadanía y concienciación sobre la importancia de la biodiversidad, así como su participación en el diseño y ejecución de las políticas públicas, incluida la elaboración de disposiciones de carácter general, dirigidas a la consecución de los objetivos de esta ley.
- i) La prevención de los problemas emergentes consecuencia del cambio climático, la mitigación y adaptación al mismo, así como la lucha contra sus efectos adversos.
- j) La contribución de los procesos de mejora en la sostenibilidad del desarrollo asociados a espacios naturales o seminaturales.
- k) La participación de los habitantes y de los propietarios de los territorios incluidos en espacios protegidos en las actividades coherentes con la conservación del patrimonio natural y de la biodiversidad que se desarrollen en dichos espacios y en los beneficios que se deriven de ellas.

A afirmación incluída no punto f do borrador entra en contradición có sinalado nos artigos 21 e 51, artigos que habería que modificar.

O borrador da Lei do Patrimonio Natural, inclúe un único apartado (i) distinto aos establecidos na lexislación básica (Lei 42/2007). Este principio podería ser considerado como positivo, sempre e cando a propia Lei asegurara unha dotación económica mínima anual para que as universidades e os centros de investigación da Comunidade Autónoma de Galicia puidesen levar a cabo as súas tarefas.

## © Borrador: Lei Patrimonio Natural

- i) A mellora do coñecemento científico como base da conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, en coordinación coas universidades galegas e coas demais institucións de investigación públicas ou privadas.

**Proposta:** Manter os principios da Lei 42/2007. Engadir os principios recollidos na Estratexia de Biodiversidade Europea. Manter o apartado i do texto do borrador.

## Artigo 3: Definicións

A Lei 42/2007 inclúe únicamente, no seu artigo 3, as definicións daqueles espazos naturais cuxas características non son desenvolvidas no articulado; mentres que o resto das definicións se contemplan nos distintos apartados nos que se desenvolven as figuras de áreas protexidas. No texto galego óptase por unha formulación máis confusa, incluíndo arbitrariamente no seu artigo 3 unhas definicións de áreas protexidas (LIC, ZEC, ZEPA), que logo son tratadas no articulado, mentres que doutras figuras (Parque, Monumento Natural, etc), soamente aparecen contempladas no articulado. Esta formulación non ten lóxica e o único que xera é confusión. Deberíase adoptar o mesmo criterio que o establecido na Lei 42/2007, trasladando as definicións relativas ás figuras de áreas protexidas (LIC, ZEC, ZEPA) aos apartados onde se desenvolven estas.

Unha situación similar acontece cos conceptos de: Modificación non substancial instrumento de xestión. Modificación substancial instrumento de xestión. Que deberían ser igualmente incluídas no seu correspondente apartado. Aínda que como se indica posteriormente modificando considerablemente o seu contido.



O resto das definicións incluídas no artigo 3 do borrador da Lei de Patrimonio Natural que non aparecen recollidas no artigo 3 da Lei 42/2007 correspóndense cos conceptos de "Especie" e "Poboación".

A definición de especie adoptada no borrador carece de validez científica, entrando en conflito tanto có Código Internacional de Nomenclatura Botánica coma có Código Internacional de Nomenclatura Zoolóxica. O mesmo acontece coa definición de "Poboación", onde o concepto de "intercambio xenético normal" carece de sentido, como en termos xerais a propia definición.

O borrador da Lei de Patrimonio Natural incorpora a definición de acordo de custodia, aínda que ésta non resulta nada adecuada, limitándoa a un acto subscrito entre persoas, eludindo indicar que este mesmo acto pódese establecer, e así ocorre na maioría dos casos, entre entidades privadas e públicas.

Por outra banda, un importante número de definicións que figuran no artigo 3 da Lei 42/2007, e que aluden a un aspecto de grande importancia na conservación e xestión dos compoñentes do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, foron omitidos do artigo 3 do borrador da Lei do Patrimonio Natural. Na táboa adxunta pódense avaliar estas ausencias, que se entende non son xustificables.

Termo	Borrador	Lei 42/2007
	Artigo 3	Artigo 3
Acordo de custodia do territorio	*	
Area crítica dunha especie		*
Area de montaña	*	*
Biodiversidade	*	*
Conservación	*	*
Conservación ex situ		*
Conservación in situ		*
Cofreco tradicional	*	*
Corredor ecolóxico	*	*
Custodia do territorio	*	*
Ecosistema	*	*
Efectos significativo		*
Entidade de custodia do territorio	*	*
Especie	*	
Especie autóctona	*	*
Especie autóctona extinguida	*	*
Especie exótica invasora	*	*
Estado de conservación dun hábitat		*
Estado de conservación favorable especie		*
Estado de conservación favorable hábitat		*
Externalidade		*
Hábitat dunha especie	*	*
Hábitat natural	*	*
Instrumento de Xestión		*
Xardín Botánico		*
<b>LIC</b>	*	
Material xenético		*
Medidas compensatorias		*
Medio mariño		*
Modificación non substancial instrumento de xestión	*	
Modificación substancial instrumento de xestión	*	
Obxectivo de conservación		*
Paisaxe		*
Patrimonio mariño		*
Patrimonio natural	*	*
Poboación	*	
Recursos biolóxicos		*
Recursos xenéticos	*	*
Recursos naturais	*	*
Reserva da Biosfera	*	*
Restauración de ecosistemas	*	*
Situación crítica dunha especie		*



Solta		*
Taxón	*	*
Taxón autóctono	*	*
Taxón extinguido	*	*
Uso sostible	*	*
Utilización recursos xenéticos		*
Xeodiversidade		*
Xeoparque	*	*
ZEC	*	
ZEPA	*	

**Proposta.** Manter todas as definicións establecidas no artigo 3 da Lei 42/2007. Eliminar definición de "Especie" e de "Poboación". Eliminar do artigo 3 do borrador as definicións de LIC, ZEC, ZEPA, Reserva da Biosfera, Xeoparque. Eliminar do artigo do borrador as definicións de: Modificación non substancial instrumento de xestión. Modificación substancial instrumento de xestión. Así mesmo a definición de acordo de custodia do territorio é demasiado restritiva e debora incluír os acordos de adquisición, legado, cesión ou arrendamento. No borrador da Lei non se define o concepto de "compañente clave" que se emprega no artigo 71

## Artigo 5: Deberes de conservación

O artigo 5 do borrador fai referencia aos "Deberes de Conservación". Neste artigo ao igual que no artigo 1 omítese a referencia á obriga Constitucional (art. 45.2) do "deber de conservar". Aspecto que debora formularse explicitamente.

O contido do artigo é unha copia reducida do artigo 5 da Lei 42/2007. As omisións e recortes formuladas no borrador carecen de sentido. Algunhas delas como a substitución de "hábitats naturais" por "hábitats" é incongruente co sentido da Lei. Noutros casos omítese as obrigas que a administración Autonómica, así como o resto das administracións públicas, teñen en relación coa utilización racional dos compañentes do patrimonio natural.

### © Lei 42/2007. Artigo 5.

1. Todos los poderes públicos, en sus respectivos ámbitos competenciales, **velarán por la conservación y la utilización racional del patrimonio natural** en todo el territorio nacional, que incluye su medio marino así como en la zona económica exclusiva y en la plataforma continental, con independencia de su titularidad o régimen jurídico, teniendo en cuenta especialmente los tipos de **hábitats naturales** y las especies silvestres en régimen de protección especial.

### © Borrador. Artigo 4.

1. A Xunta de Galicia, no seu respectivo ámbito competencial, as entidades de dereito público e privado e toda a cidadanía, teñen o deber de respectar e conservar o patrimonio natural e a biodiversidade, prestando especial atención aos hábitats e ás especies silvestres en réxime de protección especial, así como a obriga de restaurar ou reparar o dano que puideran causar aos recursos naturais obxecto de protección por esta Lei.

O parágrafo segundo do artigo 5 enumera os deberes das administracións públicas. Axeitadamente considérase en primeiro lugar o cumprimento das obrigas establecidas na Lei 42/2007. Esta fórmula debería adoptarse no apartado anterior, así como tamén nos artigos anteriores.

**Proposta:** Modificar.

## Título -I. Capítulo -II.

### Artigo 6: Mecanismos de colaboración e cooperación

Resulta improcedente integrar neste apartado a "Custodia do Territorio" cun conxunto de actividades, non claramente definidas, de uso do territorio. Ambos os concepto e actuacións deberían desenvolverse en distintos artigos.



Modifícase substancialmente, sen xustificación, o artigo 76 da Lei 42/2007, no cal se restrinxen os acordos de custodia ás entidades que teñan por obxectivo principal a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade. Aspecto que se banaliza no borrador: "...coas persoas propietarias e usuarias do territorio ou con entidades de custodia do territorio". O modelo de custodia de territorio queda deste xeito desnaturalizado.

En relación coa duración do convenio de custodia debe manterse a Lei 42/2007 indica "plurianual", mentres que no borrador establece "temporal". Os termos non son equivalentes.

Os acordos de colaboración e cooperación deberían quedar abertos aos espazos naturais. Nas liñas de actuación debería eliminarse calquera actuación que supoña unha afección significativa sobre a integridade dos espazos naturais ou dos compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade. Os beneficiarios de axudas autonómicas deberían estar obrigados a elaborar unha memoria das súas actuacións que tería que ser avaliada polo Observatorio Galego da Biodiversidade e facerse público.

O punto 6.4 debería tamén contemplar a posibilidade de chegar a acordos co Estado para a xestión de hábitats mariños ou especies mariñas fóra das augas de competencia autonómica.

**Proposta:** Modificar integramente. Manter a redacción establecida na Lei 42/2007.

## **Título -I: Capítulo -III.**

Os aspectos de educación e formación non poden quedar limitados á Estratexia Galega de Educación Ambiental, deba ampliarse a outros ámbitos.

**Proposta:** Modificar integramente.

## **Título -I: Capítulo -IV.**

### **Artigo 8. Información**

Nos últimos tempos a información ambiental sobre o Patrimonio Natural e da Biodiversidade incluída na páxina electrónica da Dirección Xeral de Patrimonio Natural e na da propia Consellería reduciuse de forma evidente. A eliminación do SITEB impide acceder a información concreta sobre límites de espazos, zonificación, presenza e distribución de hábitats de interese comunitario, presenza de especies incluídas en distintos niveis de protección. A Lei debería asumir explicitamente a creación dun banco de datos e un sistema de información xeográfica na web, accesible á cidadanía.

A Consellería competente en Patrimonio Natural e da Biodiversidade debería expoñer públicamente os datos derivados do número de sancións, tipos, importes establecidas en conformidade co cumprimento da presente Lei. Así como as denuncias presentadas ante a propia Consellería por incumprimento desta.

Por outra banda, é desexable que para dar cumprimento ó punto 1 do artigo 8, a administración pendure da web da Consellería, en libre descarga, os proxectos completos que estean en período de alegación e información, pois un factor limitante para os cidadáns é acercarse ás dependencias da administración en horario laboral. A actual tecnoloxía permite a xeración e pendurado desta documentación en formato pdf. Igualmente para facilitar o manexo desta documentación débese fomentar o emprego de sistemas xeográficos cós arquivos en shp de libre descarga da web da Consellería.

**Proposta:** Modificar.

### **Artigo 9: Participación pública**

Apartado 1. Punto A. - Debería xeneralizarse a todas as áreas protexidas. Sexan ou non espazos naturais protexidos.





Apartado 3. Neste apartado deben incluírse explicitamente as organizacións non gobernamentais vinculadas coa protección do patrimonio natural e da biodiversidade, así como investigadores das universidades e dos centros de investigación de Galicia.

**Proposta:** Modificar.

## **Título -I: Capítulo -V.**

### **Artigo 10:** Financiamento

Debería indicarse explicitamente que o financiamento debe priorizarse a aquelas actuacións que de forma directa aseguren a conservación ou restauración da Biodiversidade e do Patrimonio Natural. Quedando expresamente sen financiamento as actuacións que poidan xerar un impacto significativo sobre a integridade dos espazos naturais ou sobre o estado de conservación dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural

Punto 2. Apartado a. As medidas deberían aplicarse a todos os "Espazos Naturais" situados dentro dos límites territoriais da Comunidade Autónoma.

**Proposta:** Modificar.

### **Artigo 11:** Axudas

Debería indicarse explicitamente que as axudas deben priorizarse a aquelas actuacións que de forma directa aseguren a conservación ou restauración da Biodiversidade e do Patrimonio Natural, quedando expresamente sen financiamento as actuacións que poidan xerar un impacto significativo sobre a integridade dos espazos naturais ou sobre o estado de conservación dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural.

As medidas deberían aplicarse a todos os "Espazos Naturais" situados dentro dos límites territoriais da Comunidade Autónoma.

En relación co punto 2. Apartado d. e no propio punto 4. Debería recalcarse que estas axudas non poderán en ningún caso afectar negativamente á integridade do espazo natural ou ao estado de conservación dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural.

En relación co punto 3. Esta excepción non pode asumirse para o caso de obras, plans ou proxectos que fosen promovidas ou subvencionadas pola propia Consellería competente en materia de conservación do Patrimonio Natural e da Biodiversidade. Deberíase explicitar no borrador que nestes espazos as repoboacións e cultivos forestais con especies non autóctonas no noroeste penínsular deberan quedar excluídas das axudas.

**Proposta:** Modificar.

## **Título -I: Capítulo -VI**

Elúdese resaltar os aspectos clave que afectan ao estado da conservación e do patrimonio natural de Galicia en relación con distintas actuacións socio-económicas, e falta propoñer medidas concretas para garantir a súa conservación, en cambio destácanse elementos secundarios que en moitos casos son o reflexo dun modelo de explotación insostible e irracional dos recursos naturais.

O texto empregado semella basearse na Lei 4/2015, do 24 de marzo, do Patrimonio Natural de Castela e León sin adaptarse ás características bioxeográficas de Galicia, eludindo, por exemplo, calquera vinculación co medio mariño e con outros factores que en Galicia provocaron a perda de biodiversidade e a deterioración dos compoñentes do patrimonio natural, tratando de xustificar un modelo irracional e insostible no uso do territorio e dos seus recursos. Tal e como se amosa na seguinte táboa comparativa entre o texto do actual borrador e a Lei de Castela León.



Actividades	CL	GZ	Proceso
Actividades agropecuarias	30	13,16	Copiado e alterado
Concentración parceira	31	18	Copiado e alterado
Xestión forestal	32	17	Copiado e alterado
Actividade cinexética e piscícola	33	--	Non se contempla
Actividades extractivas	34	--	Non se contempla
Plans restauración (minas)	35	--	Non se contempla
Ecosistemas acuáticos	36	--	Non se contempla
Cauces e ribeiras	37	--	Non se contempla
Encoros e conducións	38	--	Non se contempla
Caudais ecolóxicos	39	--	Non se contempla
Baleirado de encoros e outras obras	40	--	Non se contempla
Obstáculos, pasos e escalas.	41	--	Non se contempla
Reixas	42	--	Non se contempla
Frezadeiros	43	--	Non se contempla
Liñas eléctricas	44	14	Copiado e alterado
Puntos de alta sinestralidade	45	14	Copiado e alterado
Instalacións produción de Enerxía	46	15	Copiado e alterado
Instalacións fora de servizo	47	--	Non se contempla
Turismo	48	12	Copiado e alterado
Augas mariñas autonómicas	--	--	Non se contempla
Marisqueo	--	--	Non se contempla
Pesca	--	--	Non se contempla
Relación de actividades contempladas na Lei 4/2015 de Castela e León (CL), e no borrador da Lei de Patrimonio Natural (Gz)			

**Proposta:** Engadir todos os elementos clave ou eliminar integramente o Capítulo VI.

## Artigo 12: Turismo

O artigo 12 do borrador, é copia parcial da Lei 4/2015 do 24 de marzo, do Patrimonio Natural de Castela e León, eliminando aspectos que deberían garantir a adecuación das prácticas turísticas nos espazos naturais, á vez que introduce ao "sector privado", nunha actuación de tutela que debería ser exclusiva das administracións públicas.

Óbvianse os efectos negativos que o turismo ten en Galicia en relación coa degradación de espazos naturais e dos compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade. O obxectivo deste articulado non debe ser o fomento do turismo, máis ben garantir que éste non afecte negativamente á integridade dos espazos naturais e ao estado de conservación dos compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade. Neste sentido chama a atención que se plantexe regular o turismo de observación ou fotografía e se obvие toda referencia ás concentracións multitudinarias por eventos recreativos, deportivos (sobre todo motorizados) ou actividades de "turismo activo", "turismo masificado e non organizado", "uso de drones", "presenza de animais de compañía", desenvolvidas no ámbito de espazos naturais ou en áreas con compoñentes clave da biodiversidade.

### © Ley 4/2015, de 24 de marzo, del Patrimonio Natural de Castela y León. Artículo 48.

1. Las consejerías competentes en materia de turismo y de conservación del patrimonio natural, en colaboración en su caso con otras administraciones públicas, impulsarán, dentro de sus respectivos ámbitos competenciales, la implantación y desarrollo de **modelos turísticos** compatibles con la consecución de los objetivos perseguidos por esta ley, con especial atención a los espacios incluidos en la RANP.

En tal sentido, se favorecerán aquellas **actividades turísticas de calidad** que posibiliten un **conocimiento respetuoso** del medio natural y que incluyan la interpretación de los recursos naturales como una oferta de sus servicios. **Se tenderá** a que las actividades turísticas incidan en la mejora de la economía y calidad de vida de las poblaciones rurales en que se desarrollen.



2. La consejería competente en materia de conservación del patrimonio natural podrá establecer normas que regulen el uso recreativo, el deportivo, el turístico y otras formas de uso en el medio natural, únicamente con el fin de compatibilizar los mismos con la conservación del patrimonio natural.

En especial, se podrán determinar condiciones o regulaciones en materia de turismo de observación, fotografía o cualquier otra actividad ligada con la gea, fauna y flora silvestres, de forma que la ejecución de estas actividades se realice sin ocasionar daños o molestias a las mismas.

© **Borrador. Artigo 12.**

1. A Xunta de Galicia en colaboración, no seu caso, con outras administracións públicas ou entidades privadas fomentará, dentro do seu respectivo ámbito competencial, a implantación e desenvolvemento de modelos de explotación compatibles coa consecución dos obxectivos desta Lei. Neste sentido, favorecerá aquelas actividades sostibles que posibiliten a divulgación do medio natural e que inclúan a interpretación do patrimonio natural como unha oferta dos seus servizos. Así mesmo, fomentará as actividades turísticas que incidan na mellora da economía e calidade de vida das poboacións rurais en que se desenvolvan. Igualmente, se potenciarán equipamientos realizados, en la medida de lo posible, conforme a criterios de accesibilidad universal.

2. A Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural poderá establecer normas que regulen o uso recreativo, o deportivo, o turístico e outras formas de uso no medio natural, co fin de compatibilizar estes usos coa conservación do patrimonio natural.

En especial, se poderán determinar condicións ou regulacións en materia de turismo de observación, fotografía ou calquera outra actividade ligada coa xea e especies, de maneira que a execución destas actividades se realice sen ocasionar danos ou molestias ás mesmas.

O uso inadecuado da terminoloxía no borrador leva a modificar sen sentido algúns dos apartados, formulando inconscientemente situacións rocambolescas. Así a Lei de Castela e León cita a posibilidade de establecer medidas para a regulación das actividades fotográficas en relación coas especies de flora e fauna silvestres; mentres que no borrador xeneralízase á totalidade das especies. É dicir que a Xunta formula a posibilidade de regular as actividades fotográficas relativas ás galiñas, aos porcos e as vacas existentes nos espazos protexidos de Galicia. Analogamente, a regulación formuladas sobre os compoñentes da "xea" resultan igualmente ridículos. ¿Haberá que pedir permiso para fotografar unha pedra nun espazo natural?.

**Proposta.** Eliminación do artigo. Ou en caso de manterse, copiar integramente o texto da Lei de Castela e León. Eliminando os aspectos ridículos sobre fotografía de especies e elementos da xea non considerados como protexidos.

**Artigo 13:** Pragmas causadas por especies de fauna silvestre

O emprego do concepto "praga" non pode relacionarse coas variacións demográficas das poboacións silvestres como sinala o borrador. A totalidade das pragmas establecidas na Unión Europea prodúcense por especies non nativas, moitas delas introducidas de forma directa ou accidental polo home. Falta no borrador calquera referencia ás especies cultivadas ou exóticas que constitúen ou poden constituír unha praga e que son susceptibles de afectar negativamente aos espazos naturais ou aos compoñentes da biodiversidade e o patrimonio natural.

O artigo 13, resulta dunha inadecuada transformación do artigo 32.3 da Lei 4/2015, do 24 de marzo, do Patrimonio Natural de Castela e León. A normativa de Castela e León, elude, con toda lóxica, falar de pragmas de especies de fauna silvestre, e emprega o termo correcto de "praga agrícola", regulando a súa xestión.

© **Ley 4/2015, de 24 de marzo, del Patrimonio Natural de Castela y León.**

**Artículo 32. Actividad agropecuaria.**

3. La lucha contra las plagas agrícolas, los tratamientos fitosanitarios y la fertilización de sistemas agrarios deberán realizarse de forma que resulten compatibles con la conservación del patrimonio natural, teniendo en consideración lo que contempla el Título VII de la Ley 1/2014.

© **Borrador. Artigo 13.**

A declaración pola Administración dunha situación de praga ocasionada por algunha especie de fauna silvestre autóctona, requirirá que os sistemas de control que se establezan se axusten á lexislación sectorial.

En todo caso, os procedementos de control deberán asegurar o mantemento duns niveis poblacionais mínimos, a mitigación de efectos significativos, directos ou indirectos, sobre outras



especies e o mantemento da dinámica do ecosistema.

**Proposta.** Eliminación do artigo. Ou en caso de manterse "copiar" integramente o establecido na norma de Castela e León. Integrando o mesmo dentro do artigo 16. e explicitar que todo tratamento dunha praga agrícola debería esixir a redacción dun informe que avalie o seu motivo desencadeante, como medio para determinar medidas preventivas que axuden a reducir o risco de novos episodios, o consecuente emprego de tratamentos químicos ou o destino de recursos financeiros para ó seu control.

**Artigo 14:** Colisión de aves con liñas eléctricas.

As determinacións da Lei deberían obrigar ás empresas eléctricas a establecer as medidas anticolidión en todas as liñas (non só nas novas ou nas modificadas como di o borrador). Este artigo deriva de novo da Lei 4/2015, do 24 de marzo, do Patrimonio Natural de Castela e León (artigos 44 e 45), eliminando o borrador aqueles elementos clave que garanten a protección da avifauna.

© **Ley 4/2015, de 24 de marzo, del Patrimonio Natural de Castela y León.**

**Artículo 44.** *Líneas de transporte y distribución de energía.*

Las nuevas líneas de transporte y distribución de energía se diseñarán de manera que se minimicen los riesgos de electrocución y colisión para la avifauna. Estos objetivos se deberán tener en cuenta tanto en la determinación de los trazados como en el diseño constructivo.

**Artículo 45.** *Modificación de puntos de alta siniestralidad para la fauna silvestre.*

Cuando sea constatada la existencia de puntos singulares en los que se produzca una alta mortandad sobre la fauna silvestre como consecuencia de la existencia o funcionamiento de alguna infraestructura, la consejería competente en materia de conservación del patrimonio natural lo comunicará a su titular para que adopte las medidas necesarias destinadas a corregir este efecto en el plazo que se establezca.

© **Borrador. Artigo 14**

1. As novas liñas de transporte e distribución de enerxía e a modificación das existentes deberán ser deseñadas de maneira que se minimicen os riscos de electrocución e colisión para a avifauna tanto na determinación dos trazados como no deseño construtivo.

2. A Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural determinará, mediante resolución ditada ao efecto, as zonas de protección para a avifauna existentes no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, entre as cales se incluírán, polo menos, as zonas de especial protección para as aves e as áreas prioritarias de reprodución, de alimentación, de dispersión e de concentración local das especies de aves incluídas no Catálogo galego e no Catálogo español de especies ameazadas.

Nestas zonas adoptaranse as medidas de protección da avifauna previstas na lexislación sectorial aplicable.

Entre ambas as dúas normativas, resulta de novo máis garantista sobre os obxectivos de conservación e protección da avifauna a redacción establecida no artigo 45 da norma de Castela e León, fronte a o artículo 14.2 do borrador da norma galega. Na primeira a protección é de carácter obxectivo, unha vez identificados os puntos en conflito, mentres que na segunda, é meramente burocrático, este proceder non resulta axeitado para unha xestión racional do Patrimonio Natural.

**Proposta.** Eliminación do artigo. Ou en caso de manterse, copiar integramente o texto da Lei de Castela e León e adecuar ás características de Galicia

**Artigo 15:** Parques Eólicos

A instalación de parques eólicos provocou en Galicia efectos moi destrutivos sobre a paisaxe, afectando moi negativamente ao estado de conservación dos compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade. O artigo debería asumir esta situación, e establecer medidas para evitar que tanto os novos parques eólicos, como os que están en explotación ou os que poidan ser desmontados, non provoquen perdas sobre os compoñentes da xeodiversidade e da biodiversidade, incluíndo en consecuencia a todos os grupos biolóxicos e non só das aves como se recolle no borrador, excluindo outros grupos de interese (flora, mamíferos –especialmente os quirópteros-, ...).



A Lei debería formular en consecuencia, a exclusión de novos parques eólicos no ámbito dos espazos naturais de Galicia, como xa se establece nos instrumentos de xestión da maioría destes espazos. Ampliando esta exclusión ás áreas mariñas de competencia autonómica.

O artigo debería ademais xeneralizarse a outros tipos de sistemas de produción eléctrica, así como as distintas problemáticas derivadas da súa fase de construción, explotación e abandono. De novo se comparamos o texto galego, co contido na normativa de Castela e León, atopámonos cunha sutil transformación e recorte dos aspectos clave para asegurar a conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

© *Ley 4/2015, de 24 de marzo, del Patrimonio Natural de Castela y León.*

**Artículo 46. Instalaciones de producción de energía.**

1. En el diseño de instalaciones de producción de energía se deberá tener en cuenta su efecto sobre el patrimonio natural considerando, de forma conjunta, los elementos necesarios para su correcto funcionamiento incluyendo, al menos, los accesos, elementos generadores y auxiliares y las líneas de evacuación, además de contemplar la adopción de las medidas correctoras necesarias.

2. Las autorizaciones administrativas de las instalaciones de producción de energía deberán definir el seguimiento ambiental que garantice el cumplimiento de las medidas ambientales del que deben ser objeto.

**Artículo 47. Minimización y eliminación de infraestructuras fuera de servicio.**

1. En la planificación y realización de infraestructuras, se tenderá a una optimización de la utilización de las mismas promoviendo, en la medida de lo posible, el uso conjunto de los soportes presentes y la concentración de sus elementos.

2. Las autorizaciones administrativas de nuevas infraestructuras podrán establecer la obligación de constituir los oportunos avales u otros instrumentos financieros equivalentes que cubran los costes de su desmontaje y eliminación.

3. De igual manera, las autorizaciones administrativas correspondientes a la modificación o sustitución de infraestructuras existentes podrán conllevar la exigencia de la eliminación de los elementos en desuso o la restauración de los espacios afectados. Las autorizaciones fijarán el depósito de la fianza correspondiente.

© *Borrador. Artigo 15*

**Protección da avifauna no desenvolvemento do sector eólico**

As Administracións competentes para a planificación do sector eólico terán en conta no trazado de novos polígonos de desenvolvemento eólico a existencia de zonas de especial protección para as aves e as necesidades das aves migratorias.

**Proposta.** Eliminación do artigo. Ou en caso de manterse, copiar integramente o texto da Lei de Castela e León e adecuar ás características de Galicia

**Artigo 16: Actuacións agrícolas**

A regulación das actividades agrícolas sobre os espazos naturais e os compoñentes do patrimonio natural e a biodiversidade non poden relegarse a un código de boas prácticas. Débese considerar a necesidade de establecer unha normativa específica. A Xunta de Galicia debería fomentar que nos Espazos Naturais de Galicia se impulse a "agricultura ecolóxica" e se abandonen aquelas prácticas que causan efectos negativos sobre os solos, a auga, ou a biodiversidade. Non hai ningunha referencia á necesidade de promover a conservación dos recursos etnobiolóxicos vinculados co medio rural como sustenta a propia Lei 42/2007. Tampouco se inclúe ningunha referencia á necesidade de preservar ecotipos de plantas cultivadas ou utilizadas de carácter tradicional.

O artigo 16 do borrador é copia parcial do artigo 32 da Lei 4/2015, do 24 de marzo, do Patrimonio Natural de Castela e León, pois elimínase a priorización de axudas a aqueles sistemas que contribúan á conservación do patrimonio natural e á biodiversidade, igualándoas en consecuencia con aquelas de carácter insostible. Óbviese a importancia dos sistemas e prácticas de pastoreo extensivo, aspecto que resulta sorprendente, por non dicir vergoñento, nunha Comunidade Autónoma que inclúe dentro da súa Rede de Espazos Naturais protexidos, e en concreto dentro da Rede Natura 2000, elementos moi característicos destas prácticas, especialmente en pasteiros arbustivos (queirogais húmidos, brañas, queirogais secos, xunqueiras, etc), que merecerían unha atención e protección especial por parte da Xunta de Galicia.



© **Ley 4/2015, de 24 de marzo, del Patrimonio Natural de Castela y León. Artículo 32.**

**Actividad agropecuaria.**

1. La consejería competente en materia de conservación del patrimonio natural identificará aquellos sistemas agropecuarios y prácticas asociadas que resultan más relevantes de cara al mantenimiento del patrimonio natural, así como las áreas agrarias de alto valor natural. **Estos sistemas, prácticas y áreas serán prioritarios en la percepción de ayudas agrarias vinculadas a la conservación del patrimonio natural.**
2. Se prestará especial atención a **los sistemas y prácticas de pastoreo extensivo ligados a la conservación de hábitats de pastizal**, a los sistemas y prácticas agrícolas que permiten la presencia de avifauna esteparia y a las dehesas, debiendo ser considerados en el diseño de las líneas de ayudas al sector agropecuario.
3. La lucha contra las plagas agrícolas, los tratamientos fitosanitarios y la fertilización de sistemas agrarios deberán realizarse de forma que resulten compatibles con la conservación del patrimonio natural, teniendo en consideración lo que contempla el Título VII de la Ley 1/2014.
4. Las consejerías competentes en materia de patrimonio natural y agrario elaborarán un catálogo de buenas prácticas agrarias, desde el punto de vista de su compatibilidad con la conservación del patrimonio natural, con especial relevancia en las zonas definidas en el punto 2 del presente artículo.

© **Borrador. Artículo 16.**

1. As Consellerías competentes en materia de conservación do patrimonio natural e en materia agrícola identificarán conxuntamente os sistemas agrícolas e as prácticas asociadas que resulten máis relevantes para o mantemento da conservación da natureza, así como as áreas agrícolas de alto valor natural.
2. A loita contra as pragas agrícolas, os tratamentos fitosanitarios e a fertilización de sistemas agrarios deberán realizarse de xeito que resulten compatibles cos obxectivos desta Lei, e de conformidade coa súa lexislación específica.
3. Para dar cumprimento aos puntos anteriores, a consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural e a consellería competente en materia agraria elaborarán conxuntamente códigos de boas prácticas agrarias que permitan compatibilizar as actuacións agrarias coa conservación do patrimonio natural.

**Proposta.** Eliminación do artigo. Ou en caso de manterse, copiar integramente o texto da Lei de Castela e León e adecuar ás características de Galicia

**Artigo 17:** Actuacións forestais.

Tamén este artigo é copia parcial do artigo 32 da Lei 4/2015 de Castela e León, con eliminación aqueles puntos (parágrafo 2 e 3 do artigo 32 da Lei 4/2015) que teñen unha vinculación directa con favorecer a conservación da biodiversidade e do patrimonio natural. O punto engadido no borrador da Lei galega (artigo 3.2), non ten sentido, ao estar integrado conceptualmente no primeiro.

© **Ley 4/2015, de 24 de marzo, del Patrimonio Natural de Castela y León. Artículo 32.**

**Gestión Forestal.**

1. La gestión de los montes se regirá bajo los principios de aprovechamiento sostenible, conservación y mejora del patrimonio natural.
2. Especialmente, la gestión de los montes propiedad de la Comunidad de Castela y León deberá tener el carácter de modelo de gestión forestal compatible con la conservación.
3. La gestión de las riberas estimadas propiedad de la Comunidad de Castela y León irá destinada, prioritariamente, a la recuperación de la vegetación natural de ribera, sin perjuicio del aprovechamiento y reposición de las plantaciones arbóreas establecidas conforme a los fines que motivaron su estimación.

© **Borrador. Artigo 17.**

1. A xestión dos montes rexeráse polos principios de aproveitamento sostible, conservación e mellora do patrimonio natural.
2. A loita contra as pragas forestais, os tratamentos fitosanitarios e a fertilización forestal deberán realizarse de xeito que resulten compatibles cos obxectivos desta Lei

Este artigo resulta irreal para a situación que afronta Galicia, onde unha grande parte do territorio púxose a cultivo ou invadiuse nos últimos anos por especies exóticas de aproveitamento forestal (*Populus* spp., *Eucalyptus* spp,



*Pinus* spp.), xunto coa aparición e expansión de pragas e especies asociadas a estes elementos arbóreos (*Fusarium circinatum*, *F. verticillioides*, *F. proliferatum*, *Gonipterus scutellatus*, etc.). A Lei debería promover o cultivo forestal en Galicia de especies autóctonas (*Quercus robur*, *Quercus pyrenaica*, *Quercus suber*, *Quercus ilex*, *Castanea sativa*, *Betula alnus*, *Fraxinus excelsior*, *Fraxinus angustifolia*), especialmente nos espazos naturais.

**Proposta.** Eliminación do artigo. Ou en caso de manterse, copiar integramente o texto da Lei de Castela e León. Integrando no mesmo xunto ás superficies incluídas no Dominio Público Hidráulico, a aquelas que forman parte do Dominio Público Marítimo Terrestre. A maiores, indicar que as reforestacións deberán realizarse de xeito que resulten compatibles cós obxectivos desta lei e sinalar explícitamente que nos espazos englobados en calquera categoría de protección ambiental deba prohibirse a introducción de novas especies alóctonas de cultivo forestal e determinar un tempo de substitución das actuais especies forestais alóctonas determinando unha zona tampón arredor dos espazos protexidos onde se apliquen estas mesmas medidas.

### **Artigo 18:** Reestruturación agraria.

Dado que estes procesos foron un dos elementos que máis degradación e perda da biodiversidade provocaron en Galicia, o tratamento debería ser algo máis esixente. Eliminar destas reestruturacións os espazos naturais, ou, de incluílas, prohibir calquera modificación que supoña un detrimento no estado de conservación dos compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade, así como da propia integridade do espazo natural.

Os procesos de reestruturación agraria, que afecten a espazos naturais e/ou elementos clave do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, deberían contar cun informe valorativo do Observatorio Galego da Biodiversidade. E toda a documentación ambiental derivada destes expedientes ser difundida no portal da Consellería competente en materia de Biodiversidade e Patrimonio Natural.

O texto considerado no borrador (artigo 18), é de novo unha copia, modificada e reducida, da lexislación de Castela e León (Lei 4/2015, artigo 31), eliminando todos aqueles aspectos que tratan de mitigar os efectos negativos das concentracións parcelarias sobre a biodiversidade e o patrimonio natural e cultural.

### © Ley 4/2015, de 24 de marzo, del Patrimonio Natural de Castela y León.

#### **Artículo 31. Concentración Parcelaria.**

1. Las actuaciones de concentración parcelaria estarán condicionadas al mantenimiento de los valores naturales de las zonas a concentrar.
2. A tales efectos, la consejería competente en materia de conservación del patrimonio natural emitirá informe en los procedimientos de concentración parcelaria. Reglamentariamente se establecerá el momento y el plazo máximo de emisión del citado informe, que tendrá carácter vinculante en los aspectos relacionados con la conservación del patrimonio natural y analizará, de forma conjunta, la totalidad de las actuaciones. En concreto, la consejería competente en materia de conservación del patrimonio natural informará, al menos, sobre los siguientes aspectos
  - a) Cuando el procedimiento de concentración contemple la inclusión de hábitats en peligro de desaparición o zonas relevantes para la conservación de especies amenazadas, se determinarán las medidas necesarias para garantizar su conservación.
  - b) La valoración de la calidad de las parcelas cuando exista presencia de arbolado.
  - c) La adecuación del diseño de las obras de transformación, modernización y construcción de redes de caminos y saneamientos a los objetivos de la presente ley.
3. En aquellos procesos de concentración parcelaria que incluyan montes, se estará a lo dispuesto en la normativa específica respecto a la delimitación de los terrenos que deban ser adscritos al uso forestal y aquellos que deban ser autorizados para cambiar al uso agrícola, como consecuencia de su integración en las nuevas fincas resultantes y en la nueva estructura de la propiedad.
4. Los proyectos y acuerdos de concentración parcelaria que dan lugar a las nuevas fincas de reemplazo, así como sus infraestructuras asociadas, deberán diseñarse de manera que, en la medida de lo posible, se garantice la conservación de los elementos naturales y culturales tradicionales que vertebran el paisaje y la conectividad, la diversidad y el funcionamiento de los ecosistemas.
5. Para la ubicación de las parcelas destinadas a restauración del medio natural y de las parcelas de reemplazo propuestas como consecuencia de la modificación de vías pecuarias de la zona a concentrar, se tendrán en cuenta los parámetros de conectividad, estructura y funcionalidad de los hábitats, buscando de forma preferente el entorno de cursos de agua, humedales, áreas de especial relevancia para las aves esteparias y hábitats en peligro de desaparición o de interés comunitario.



Así mesmo, la consejería competente en materia de patrimonio natural informará sobre la adecuación del proyecto de restauración del medio natural.

© **Borrador. Artigo 18. Restructuración agraria.**

1. As actuacións de reestruturación agraria condiciónanse ao mantemento dos valores naturais conforme á resolución de avaliación do órgano ambiental respecto das zonas a reestruturar.
2. A Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural emitirá na fase inicial dos procedementos de reestruturación agraria un informe relativo aos aspectos relacionados coa conservación da natureza no que analizará, de xeito conxunto, a totalidade das actuacións e no que motivadamente poderá propoñer a exclusión de parcelas da zona de reestruturación agraria.
3. Para a ubicación das parcelas destinadas á restauración do medio natural e das parcelas de reemprazo propostas, teranse en conta os parámetros de conectividade, estrutura e funcionalidade dos hábitats. Así mesmo, a Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural informará sobre a adecuación do proxecto de restauración do medio natural.

**Proposta.** Eliminación do artigo. Ou en caso de manterse, copiar integramente o texto da Lei de Castela e León e adecuar ás características de Galicia

**Artigo 19:** Planificación sectorial do aproveitamento dos recursos.

O borrador establece:

© **Borrador. Artigo 19.**

As autoridades responsables da aprobación de plans, programas ou proxectos relativos ao aproveitamento de recursos naturais que poidan afectar aos espazos protexidos, ás especies ou a os hábitats protexidos nesta Lei, en especial aos espazos protexidos Rede Natura 2000 competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, deberán integrar na planificación como un dos seus obxectivos, que os aproveitamentos do recurso natural obxecto de planificación non causen graves prexuízos de difícil ou imposible reparación á integridade dos espazos, nin ao estado de conservación das especies e hábitats protexidos.

O artigo debería reformularse adaptándose aos criterios fixados pola normativa estatal (Lei 42/2007) e a normativa da Unión Europea (DC 92/43/CEE), concretamente habería que suprimir o termo "graves" na penúltima liña para ler: *.."que os aproveitamentos do recurso natural obxecto de planificación non causen prexuízos de difícil ou imposible reparación á integridade dos espazos, nin ao estado de conservación das especies e hábitats protexidos".*

Proposta: Modificar e reformar o artigo.

## **Título -II. Espazos Naturais Protexidos**

A Lei debería deixar clara previamente a definición de "Area Protexida/Espazo Natural" así como das distintas categorías destas, acorde coa Lei 42/2007. Para posteriormente desenvolver as distintas figuras: Espazos Naturais Protexidos, Espazos Naturais de Ámbito internacional, etc.

O borrador debería de considerar a necesidade de levar a cabo unha estratexia continua de comunicación e divulgación sobre os espazos naturais protexidos de Galicia, que tería que incrementarse en todo proceso de declaración de novos espazos ou de aprobación dos seus instrumentos de xestión. Con esta acción poderíanse superar os problemas actuais de desinformación que logo é facilmente manipulable con campañas de intoxicación anticonservación que lastran as posibilidades de aceptación dos espazos naturais e a súa integración nas actividades socioeconómicas das poboacións locais.

**Proposta:** Modificar integramente o Título II.





## Título -II. Capítulo -I. Concepto e categorías

### Artigo 21: Concepto de ENP

Apréciase unha minoración sobre o establecido pola Lei 42/2007 sobre os compoñentes da biodiversidade ao eliminar o parágrafo referido no artigo 28.1.b da normativa estatal

#### © Ley 42/2007. Artículo 28

1. Tendrán la consideración de espacios naturales protegidos los espacios del territorio nacional, incluidas las aguas continentales, y el medio marino, junto con la zona económica exclusiva y la plataforma continental, que cumplan al menos uno de los requisitos siguientes y sean declarados como tales:

a) Contener sistemas o elementos naturales representativos, singulares, frágiles, amenazados o de especial interés ecológico, científico, paisajístico, geológico o educativo.  
b) Estar dedicados especialmente a la protección y el mantenimiento de la diversidad biológica, de la geodiversidad y de los recursos naturales y culturales asociados.

2. Los espacios naturales protegidos podrán abarcar en su perímetro ámbitos terrestres exclusivamente, simultáneamente terrestres y marinos, o exclusivamente marinos.

A maiores a redacción do punto 2 contradí a suposta "prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística" ao excluir os solos recoñecidos como urbanos nalgún instrumento de planificación urbanística.

En distintas Comunidades Autónomas, ao igual que no resto da Unión Europea, se declararon e se seguen declarando espazos naturais sobre solos de carácter urbano, sen ningún tipo de xustificación especial. Esta restrición faise aínda máis dolosa no caso galego, cando existe unha moi deficiente ordenación territorial, cando a maioría dos Concellos non teñen nin aprobada, nin adaptadas as súas delimitacións de solos urbanos á normativa urbanística vixente. O que leva a que aínda persistan clasificacións de solos urbanos en humidaís, ecosistemas dunares, bosques, así como no propio Dominio Público Marítimo Terrestre.

#### © Borrador. Artigo 21.

2. Con carácter xeral, os espazos naturais protexidos non poderán comprender solos que teñan a condición de solos urbanos nun instrumento de planificación urbanística aprobado á data do inicio do procedemento de declaración do espazo natural como protexido, agás que se xustifique expresamente a súa inclusión por necesidades concretas de conservación.

Debería ademais revisarse a redacción dos apartados deste artigo, nos que se observan diversos termos redundantes. Así o concepto de Biodiversidade inclúe a "diversidade xenética" e os propios "recursos naturais", polo que non é necesario repetir na mesma frase estes termos.

**Proposta:** Manter para este artigo a redacción establecida no artigo 28 da Lei 42/2007.

### Artigo 22: Categorías de ENP

O borrador da Lei de Patrimonio Natural elimina a figura de Zona de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) considerada na Lei, limitando a tipoloxía de ENP aos considerados na lexislación estatal. Dado que no sistema de clasificación de áreas protexidas se contemplan seis categorías, e a propia Lei 42/2007, formula a necesidade de homologar internacionalmente as figuras de espazos naturais, debería manterse a figura de ZEPVN para as Área protexida de recursos xestionados, Managed Resource Protected Area (UICN tipo VI).

Debería ademais contemplarse como figura propia de ENP as "microreservas" e non integralas dentro das Reservas Naturais.

Debería recollese e desenvolverse a figura de "Area Mariña Protexida", exclusión que non ten sentido en Galicia.

**Proposta:** Modificar

### Artigo 23: Reserva Natural

Os puntos 1 e 2 destes artigos son coherentes, derivando directamente da Lei 42/2007.



En canto ao punto 3 que categoriza as microrreservas como unha subcategoría das reservas naturais, cabe dicir que o concepto de "Microrreserva" nace como un modelo de área protexida alternativo ás figuras clásicas de espazos naturais protexidos que resultaban pouco operativos para asegurar o estado de conservación favorable de pequenas poboacións de flora, ou de comunidades vexetais de escasa significación territorial; tanto noutras zonas de España como noutros territorios europeos mantense a desvinculación das microrreservas coas figuras clásicas de espazos naturais protexidos.

En cambio, no borrador a figura de "Microrreserva" ao englobarse dentro das reservas naturais, considérase como un "Espazo Natural Protexido" e vincúlase ao tipo de espazo protexido máis restritivo que existe na lexislación, as Reservas Naturais, de acordo coa súa definición legal (art. 32 da Lei 42/2007) e acorde coa definición establecida pola IUCN para a categoría I de áreas protexidas (1 A. - Reserva natural estricta: Strict Nature Reserve; 1 B. - Área de vida salvaxe, Wilderness Area). Entre unha Reserva Natural e unha Microrreserva, no concepto internacionalmente aceptado, existen claras e notorias diferenzas no réxime de protección e utilización dos recursos, así como na configuración dos propios instrumentos de xestión. Integrar as Microrreservas na figura de protección de espazos naturais máis estricta, resta capacidade e posibilidade para o seu establecemento.

A maiores, na proposta galega, establécense un conxunto de criterios (Superficie máxima de 20 ha. Temporalidade da declaración. Autorización dos propietarios), que entran en total contradición co criterio dunha Reserva Natural. E mesmo do propio concepto de microrreserva. En canto á temporalidade da declaración, este criterio non ten obxecto en ningunha figura de protección e debería pois eliminarse. No mesmo sentido, a autorización dos propietarios, estaría xustificada cun réxime de área protexida distinto ao dun espazo natural protexido, pero non se xustifica cun espazo que deriva dunha Reserva Natural.

A vinculación da Microrreserva dentro das Reservas naturais determina que ao longo do borrador da Lei de Patrimonio se formulen unha serie de aspectos dificilmente entendibles nunha xestión racional dos espazos naturais.

☉ **Borrador. Artigo 72.**

3. As microrreservas poderán dispor dunha persoa que ostente a súa dirección cando así o estime a norma de declaración do dito espazo

O borrador considera que para áreas protexidas de menos de 20 ha poida designarse un Director, mentres que non contempla esta situación para espazos de miles de hectáreas como a ZEC Os Ancares - O Courel, ou a ZEC Costa da Morte. Unha situación similar acontece coa posibilidade de dispoñer dunha Xunta Reitora.

☉ **Borrador. Artigo 73.**

As microrreservas só disporan dunha Xunta reitora cando así o estime a norma de declaración do dito espazo.

Finalmente, en canto ao instrumento de planificación e xestión das Microrreservas, non podería excluír determinacións sobre solos urbanos, xa que a figura de microrreserva se está a empregar con éxito en distintas Comunidades Autónomas, así como noutros territorios da Unión Europea para establecer pequenas áreas protexidas en ámbitos urbanos ou periurbanos (teitos de catedrais e igrexas, murallas antigas en zonas urbanas, pequenas áreas verdes urbanas).

A temporalidade formulada para as microrreservas non debería ter un tratamento diferente ao resto dos espazos naturais protexidos. Carece de sentido esixir para a declaración dunha Microrreserva a autorización dos propietarios dos terreos, cando esta esixencia non se establece para o resto das figuras de espazos naturais protexidos, e cando a conservación do medio é un deber consagrado pola Constitución.

Criterios	Galicia	Valencia	Cast-M	Cast-L	Murcia
Figura de Área Protexida	Si	Si	Si	Si	Si
Figura de Espazo Natural Protexido	Si	Non	Si	Non	Non
Vinculación con Reserva Natural	Si	Non	Non	Non	Non



Declaración Temporal	Si	Non	Non	Non	Non
Superficie mínima	<20	<20	Non	<200	Non
Exclusión inicial solo urbano	Si	Non	Non	Non	Non
Flora	Si	Si	Si	Si	Si
Fauna	Si	Non	Si	Non	Si
Hábitats	Si	Si	Si	Si	Si

**Proposta:** Non considerar ás Microrreservas como figura derivada dunha Reserva Natural. Adaptar a súa fórmula xurídica á proposta doutras Comunidades Autónomas. Eliminar a restrición de superficie. Eliminar a temporalidade.

## Artigo 24: Parques

No borrador indícase que: "Os parques son áreas naturais, pouco transformadas polas actividades humanas", aínda que na definición establecida na Lei 42/2007, non se fai referencia a esta condición, criterio que de aplicarse de forma retroactiva impediría probablemente declarar moitos dos Parques do territorio europeo e especialmente galego, e evidentemente impide declarar en Galicia novos Parques Naturais.

### © Ley 42/2007. Artículo 31

1. Los Parques son áreas naturales, que, en razón a la belleza de sus paisajes, la representatividad de sus ecosistemas o la singularidad de su flora, de su fauna o de su diversidad geológica, incluidas sus formaciones geomorfológicas, poseen unos valores ecológicos, estéticos, educativos y científicos cuya conservación merece una atención preferente.

### © Borrador. Artigo 24.

1. Os parques son áreas naturais, pouco transformadas polas actividades humanas que, pola beleza das súas paisaxes, a representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, fauna ou da súa diversidade xeolóxica, incluídas as súas formacións xeomorfolóxicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos cuxa conservación merece unha atención preferente.

A definición establecida no borrador (Artigo 24.1), copia definición específica de Parques Nacionais establecida pola lexislación estatal (Lei 30/2014, do 3 de decembro, de Parques Nacionais, BOE 4/12/2014), eliminando a palabra "nacionales". Polo tanto xeneraliza de forma incorrecta aos Parques, e en consecuencia aos Parques Naturais.

### © Ley 30/2014. Artículo 4.

1.- Los parques nacionales son espacios naturales, de alto valor ecológico y cultural, poco transformados por la explotación o actividad humana que, en razón de la belleza de sus paisajes, la representatividad de sus ecosistemas o la singularidad de su flora, de su fauna, de su geología o de sus formaciones geomorfológicas, poseen unos valores ecológicos, estéticos, culturales, educativos y científicos destacados cuya conservación merece una atención preferente y se declara de interés general del Estado.

Xunto a estes graves erros de concepto, aprécianse noutros apartados deste mesmo artigo outros cambios do concepto de Parque que corrompen a figura establecida pola lexislación estatal.

### © Ley 42/2007 Artículo 31.

4.- En los Parques podrá facilitarse la entrada de visitantes con las limitaciones precisas para garantizar la protección de aquéllos y los derechos de los titulares de los terrenos en ellos ubicados.

### © Borrador. Artigo 24.

3. Nos parques facilitarase a entrada de visitantes coas limitacións precisas para garantir a conservación dos seus valores naturais e para respectar os dereitos dos titulares dos terreos.

A Lei 42/2007 non establece criterios territoriais para a designación dos Parques. Non obstante a Lei 30/2014, fixa estes requisitos para o caso dos Parques Nacionais, contemplando 5 criterios, entre os que se inclúen valores mínimos de superficie para os novos Parques.

### © Ley 30/2014. Artículo 6. Requerimientos territoriales.

1. Los requisitos que debe reunir un espacio para que pueda ser declarado parque nacional, son:

a) Será notoriamente representativo en cuanto a tipología de especies y características naturales, de



alguno o algunos de los sistemas naturales incluidos en el Anexo de esta ley y debe suponer una aportación adicional de sistemas naturales de forma que se evidencie la mejora de la misma.

b) Contará con una proporción relevante de las especies y comunidades propias del sistema natural que pretenda representar en la Red, así como capacidad territorial y ecológica para garantizar que estas especies o comunidades puedan evolucionar de forma natural y mantener o alcanzar un estado de conservación favorable.

c) Tendrá una superficie continua, no fragmentada y sin estrangulamientos, suficiente como para permitir que se mantengan sus características físicas y biológicas y se asegure el funcionamiento de los procesos naturales presentes. A estos efectos, la superficie del parque nacional, salvo en casos debidamente justificados, tendrá:

- Al menos, **5.000 hectáreas** en parques nacionales terrestres o marítimo-terrestres insulares.
- Al menos, **20.000 hectáreas** en parques nacionales terrestres o marítimo-terrestres peninsulares y en parques nacionales en aguas marinas.

d) Estará ocupado, en una superficie adecuada, por formaciones naturales, sin aprovechamientos de carácter agrícola, forestal, o hidráulico, ni elementos artificiales que alteren significativamente la estética del paisaje o el funcionamiento de los ecosistemas.

e) No podrá contener actividades extractivas o explotaciones de áridos, arenas o minerales, ni instalaciones dedicadas a uso deportivo, industrial o de ocio no integradas en los programas de uso público o de visita del parque nacional.

A normativa Galega reduce os criterios territoriais a un criterio métrico, fixado sen ter en conta os valores formulados pola normativa estatal para os Parques Nacionais, así incrementa a superficie mínima para a súa designación, aplicándoa ademais sorprendentemente tanto aos Parques Nacionais, como aos Parques Naturais.

#### © Borrador. Artigo 24.

5. A declaración dun espazo como parque natural requirirá, ademais do disposto no apartado un deste artigo, que teña unha superficie continua e non fragmentada, suficiente para permitir que se manteñan as súas características físicas e biolóxicas e se asegure o funcionamento dos procesos naturais presentes. A estes efectos, a superficie do parque natural, salvo en casos debidamente xustificadas, terá:

- a) Como mínimo, 2.500 hectáreas en parques naturais terrestres ou marítimo-terrestres insulares.
- b) Como mínimo, 10.000 hectáreas en parques naturais terrestres ou marítimo-terrestres peninsulares.

Os valores así considerados no borrador da Lei de Patrimonio Natural de Galicia supoñen no caso dos Parques Nacionais unha vulneración da lexislación estatal, ao reducir á metade a superficie mínima para a declaración destes espazos. Pero non obstante, a aplicación destes valores métricos aos Parques Naturais, combinado coa definición outorgada no artigo 24.1 ("pouco transformados"), faría imposible declarar a totalidade dos Parques Naturais de Galicia, e impide declarar novos espazos dentro desta figura.

Mentres que os valores métricos establecidos pola lexislación estatal, se basean nunha serie de criterios científico-técnicos promovidos polo Organismo Autónomo de Parques Nacionais, os límites fixados no borrador carecen destes fundamentos. Nesta tesitura cinco dos seis parques existentes na actualidade en Galicia non cumpren o requisito da superficie mínima de 10.000 ha (Monte Aloia 746 ha; Corrubedo 997 ha; Enciña da Lastra 3152 ha; Invernadeiro 5722; Eume 9126), o cal pon de manifesto unha dificultade para crear grandes parques en Galicia que poderían impedir a declaración de novos parques nun futuro e obriga a incluír a Disposición adicional segunda para evitar que es 5 parques perdan a súa condición. As dimensións dun espazo protexido virán determinadas pola valoración dos criterios científico-técnicos nos que se basee a súa declaración.

Finalmente, no artigo referido aos Parques da lexislación estatal (Lei 42/2007, art. 31), inclúense 2 parágrafos relativos aos instrumentos de planificación, que se suprimen no texto do borrador da Lei de Patrimonio Natural, esta eliminación non ten xustificación, e deberían manterse.

O último apartado do borrador fai referencia á Rede de Parques de Galicia. Pero o apartado require dunha redacción máis convincente e dotada de contidos (obxectivos, funcións, medios, etc). Pola contra non ten sentido incluíla como un apartado.

**Proposta:** Manter estritamente os definicións establecidas pola lexislación estatal. Eliminar as superficies mínimas.



## Artigo 25: Monumento Natural

Mantén en parte a redacción do artigo 34 da Lei 42/2007, salvo en relación co apartado 3 onde se suprime, sen xustificación un texto que non debería obviarse.

### © Ley 42/2007. Artículo 34.

3. En los Monumentos Naturales estará limitada la explotación de recursos, salvo cuando esta explotación sea plenamente coherente con la conservación de los valores que se pretenden proteger, conforme a lo establecido en sus normas de declaración o gestión, o en aquellos casos en que, por razones de investigación o conservación o por tratarse de actividades económicas compatibles con mínimo impacto y que contribuyan al bienestar socioeconómico o de la población se permita dicha explotación, previa la pertinente autorización administrativa.

### © Borrador. Artigo 25.

3. Nos monumentos naturais limitarase con carácter xeral a explotación dos recursos, salvo cando esta explotación sexa plenamente coherente coa conservación dos valores que se pretenden protexer ou naqueles casos en que, por razóns de investigación ou conservación ou por tratarse de actividades económicas compatibles cun mínimo impacto e que contribúan ao benestar socioeconómico ou da poboación, se permita a devandita explotación, logo de autorización administrativa.

**Proposta:** Manter estritamente os definicións establecidas pola lexislación estatal.

## Artigo 26: Humidal Protexido

A normativa referente aos humidais protexidos é adecuada, mantén a definición establecida por Ramsar e pola propia normativa estatal e autonómica. Non obstante, no borrador bótase en falta unha referencia ao inventario de humidais de Galicia, e á protección daqueles humidais catalogados que non foron declarados "humidais protexidos". Tamén se bota en falta referencia ás prohibicións expresas á tenza e uso de munición de chumbo nos humidais protexidos, así como nos humidais integrados nos distintos espazos naturais.

**Proposta:** Establecer o concepto de humidal, seguindo o outorgado por Ramsar. Indicar a necesidade de realizar e manter o Catálogo de Humidais de Galicia. Indicar a necesidade de protexer e conservar todos os humidais galegos. Establecer as figuras de humidais protexidos. Marcar o réxime de protección destas. Recordar e fortalecer as principais medidas de xestión sobre os humidais e especialmente a referida á tenza e uso de munición de chumbo.

## Artigo 27: Paisaxe Protexida

Omítense no borrador a definición e concepto de Paisaxe derivada do Convenio Europeo de Paisaxe, así como calquera relación con outras disposicións que propician a conservación e protección da paisaxe, e sorprendentemente aquelas promovidas pola propia Xunta de Galicia a través da mesma Consellería que promove a presente Lei. As referencias á paisaxe no borrador redúcense a unha mera transposición das disposicións relativas á figura de Paisaxe protexida establecida pola lexislación estatal (Lei 42/2007), aínda que eliminando aqueles relativos ás necesidades de conservación (art. 35 2a e 2b) que deberían contemplarse na Lei galega e desenvolverse.

### © Ley 42/2007. Artículo 35.

2. Los objetivos principales de la gestión de los Paisajes Protegidos son los siguientes:

- a) La conservación de los valores singulares que los caracterizan.
- b) La preservación de la interacción armoniosa entre la naturaleza y la cultura en una zona determinada

**Proposta:** Modificar, adaptándose a Lei 42/2007 e ao Convenio Europeo da Paisaxe



## **Artigo 28:** Espazo Protexido Rede Natura 2000

Os aspectos relativos á Rede Natura 2000 establecidos no borrador da Lei do Patrimonio Natural son moi deficientes, empregando inaxeitadamente termos e conceptos que resultan esenciais para garantir a conservación e xestión destes espazos acorde coa normativa da Unión Europea e do Estado Español. O artigo resulta demasiado conciso para a importancia e repercusión que sobre o territorio de Galicia debería ter a Rede Natura 2000. A maiores, a definición dos espazos da Rede Natura 2000 aparece recollida, a diferenza doutros espazos naturais protexidos, no artigo 3, e non integrada nos artigos que desenvolven estes espazos. Esta situación redonda moi deficientemente na comprensión do texto por parte da cidadanía.

Sería recomendable establecer, ao igual que a Lei 42/2007, un capítulo específico para os espazos da Rede Natura 2000.

Incluindo inicialmente a definición dos termos crave da Rede Natura 2000: LIC, ZEC, ZEPa, hábitats de interese comunitario, hábitats prioritarios, especies de interese comunitario, especies prioritarias, estado de conservación dun hábitat. Estado de conservación dunha especie. Estado de conservación favorable establecidos pola propia DC 92/43/CEE e que de forma equivocada se empregan no borrador da Lei de Patrimonio Natural de Galicia.

No devandito capítulo debería incluír ademais as medidas de conservación relativas a estes espazos, o proceso de declaración, a coherencia e conectividade da Rede, vixilancia e seguimento, e os aspectos relativos ao cambio de categoría.

No anexo da Lei deberían figurar explicitamente os anexos de hábitats e especies establecidos na Directiva Hábitat (DC 92/43/CEE) e na Directiva Aves (DC 2009/147/CE)

*Proposta:* Modificar

## **Artigo 29:** ENIL

Dada a escasa superficie de Áreas Protexidas que ten declarado a Xunta de Galicia e tendo en conta que o reto asumido pola Unión Europea de cara ao ano 2020 é alcanzar un 17% de áreas protexidas designadas nos territorios continentais, non ten sentido excluír da Rede de Espazos Naturais Protexidos de Galicia a figura de ENIL, e tratalos ademais de xeito exclusivamente burocrático, sen formular unha estratexia definida para favorecer o seu incremento, tanto en número coma en superficie, así como propiciar a integración neles dos distintos axentes que interactúan no territorio.

Tampouco ten sentido de excluír estes espazos do financiamento ou axudas por parte da Consellería competente en conservación do patrimonio natural e da biodiversidade, formuladas estas en termos de colaboración, apoio ou execución de actuacións concretas e definidas de conservación. Este apoio non debe ser accesorio ou complementario do que realicen os promotores destes espazos.

*Proposta:* Modificar

## **Artigo 30:** EPIN

Dada a escasa superficie de Áreas Protexidas que posúe Galicia e tendo en conta que o reto asumido pola Unión Europea de cara ao ano 2020 é alcanzar un 17% de áreas protexidas designadas nos territorios continentais non ten sentido excluír da Rede de Espazos Naturais Protexidos de Galicia a figura de EPIN, e tratalos de xeito exclusivamente burocrático, sen formular unha estratexia definida que favoreza o seu incremento, tanto en número coma en superficie, así como propiciar a integración neles dos distintos axentes que interactúan no territorio.

Tampouco ten sentido de excluír estes espazos do financiamento ou axuda por parte da Consellería competente formuladas estas en termos de colaboración, apoio ou execución de actuacións concretas e definidas de conservación. Este apoio non debe ser accesorio ou complementario do que realicen os promotores destes espazos.

*Proposta:* Modificar



## Título -II. Capítulo -II.

### Artigo 31: Rede Galega de ENP

A Rede debería contemplar todos os ENP declarados sen excluír os ENIL e EPIN. A reducida superficie de ENP de Galicia en comparación con outros territorios autonómicos, a dificultade de declarar novos espazos e os obxectivos marcados polo Convenio de Diversidade Biolóxica, obrigan a plantexar novas reformulacions na configuración dos espazos naturais, co fin de asegurar a conservación e protección da biodiversidade e do patrimonio natural. E en consecuencia non deben relegarse as outras figuras, que seguen ademais baixo a tutela e control da propia Xunta de Galicia.

A Lei debería desenvolver en consecuencia o contido da Rede Galega de ENP, dotándoa de funcións específicas en pro a mellorar a conservación do Patrimonio Natural e fomentar o uso racional dos recursos naturais.

**Proposta:** Modificar

### Artigo 32: Efectos

Os "efectos" aos que alude o borrador, están vinculados coas distintas categorías de "Espazos Naturais Protexidos" e non pola súa integración nunha "Rede". As Redes de espazos non deben outorgar ámbitos legais ou de ordenación, deben plantexar sinerxías na resolución de problemas de conservación ou de xestión. En consecuencia este artigo debería reformularse. E no seu caso eliminarse. Establecendo as características dos distintos ENP sen ter a recorrer á súa condición de formar parte ou non dunha Rede.

**Proposta:** Modificar ou eliminar.

### Artigo 33: Dereito de tanteo e de retracto

Non ten sentido excluír deste apartado aos espazos naturais da Rede Natura 2000, así como aqueles predios establecidos sobre solos urbanos. Estas limitacións entran en conflito co apartado 1 do artigo 40 da Lei 42/2007, onde o "dereito" ao tanteo e retracto se establece de forma xenérica a todo tipo de espazo natural protexido.

De calquera modo este artigo non debería aplicarse de forma retroactiva aos espazos naturais xa declarados da Rede Natura 2000 que derivado á súa declaración no ano 2004 de Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN) conforme á Lei 9/2001, están sometidos dende a devandita data ao dereito de tanteo e de retracto.

**Proposta:** Modificar

### Artigo 36: Zona periférica de protección

Segundo se apunta no apartado 2 do borrador: "As zonas periféricas de protección non terán a consideración de espazo natural protexido". Esta afirmación é unha contradición semántica e ambiental; unha "zona periférica de protección" debe ter certa protección e directrices/instrumentos de xestión ou non servirán para nada. Sen menoscabo das compensacións que se poidan establecer para a poboación local.

**Proposta:** Modificar

### Artigo 37: Áreas de influencia socioeconómica

O borrador establece: "*Estas áreas poderán englobar tamén a outros municipios limítrofes cando constitúan cos anteriores unha unidade territorial ou económica que o recomende ou concorran causas obxectivas que o xustifiquen e así se considere na norma declarativa do espazo*". Habería que ser moi cautos con esta medida, pois podería incentivar a picaresca de non querer ser espazo protexido (para evitar as limitacións que conleva) pero que o sexa o concello veciño (para aproveitar as vantaxes).



Unha solución razoable para os problemas indicados para os artigos 36 e 37 sería que as zonas periféricas de protección tivesen certo grado de protección e a vantaxe de estar incluídas nas áreas de influencia socioeconómica.

**Proposta:** Modificar

## Título -II. Capítulo -III

### Artigo 39: Iniciación

O proceso de declaración dun espazo natural protexido debera poder ser iniciado non solo de oficio pola Consellería competente si non tamén instado por outras partes interesadas: entidades conservacionistas ou científicas, universidades ou centros de investigación, concellos, ..., e o borrador debería contemplarlo explicitamente.

Debe establecerse a obrigatoriedade de que todo proceso de inicio dun procedemento de declaración dun espazo natural protexido, leve consigo o establecemento dunhas mínimas medidas de protección e xestión que garantan a conservación dos valores que se pretenden conservar. Con iso evitaríase repetir actuacións destrutivas dos compoñentes clave da biodiversidade realizadas tras o inicio da súa declaración, que quedaron impunes ao non existir ningún tipo de norma que establecese unha protección preventiva.

**Proposta:** Modificar

### Artigo 42: Espazos Protexidos da Rede Natura 2000

O artigo 42 debería indicar claramente que dende o primeiro momento da proposta de novos lugares de Rede Natura 2000 ou de ampliación destas sexa aplicable o artigo 39 e que nestes espazos se establezan unhas medidas mínimas de protección para asegurar a conservación dos valores naturais que se pretenden conservar.

#### © Borrador.

1. A Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural poderá elaborar unha proposta de declaración de novos Lugares de Importancia Comunitaria que deberá observar o disposto no artigo 43.2 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, someténdose en todo caso aos trámites de información pública, participación pública e consulta ás Administracións afectadas.

**Proposta:** Modificar

### Artigo 43: Alteración da delimitación dun ENP

Para os puntos 1, 2, 3 debería ser necesario un ditame previo e vinculante do Observatorio Galego da Biodiversidade e/ou o COGAMADS.

Deben eliminarse as definicións establecidas no artigo 3 referentes a: Modificación non substancial instrumento de xestión. Modificación substancial instrumento de xestión. ao ser incoherentes co contido deste artigo e da propia lexislación estatal.

**Proposta:** Modificar

### Artigo 44: Perda de categoría de ENP

O texto debería de adecuarse ao establecido no artigo 49 da Lei 42/2007. En todos os casos en calquera procedemento relativo á aplicación deste artigo debería ser obrigatorio un ditame previo e vinculante do Observatorio Galego da Biodiversidade e/ou COGAMADS

**Proposta:** Eliminar o texto e substituír polo considerado na Lei 42/2007. Engadir a necesidade dun ditame previo e vinculante do Observatorio Galego da Biodiversidade e/ou COGAMADS





## **Artigo 45:** Réxime de protección preventiva

Debe marcarse a "obligatoriedade" de establecer unha protección preventiva aos novos espazos, desde o momento de inicio da proposta.

**Proposta:** Modificar

## **Artigo 47:** Medidas de conservación Rede Natura

Falta definición de hábitat de interese comunitario, de hábitat prioritario, e de estado de conservación acorde coa DC 92/43/CEE. A redacción do artigo non garda relación co artigo 6 da DC 92/43/CEE, nin co resto dos artigos desta norma europea.

**Proposta:** Eliminar o texto e substituír polo considerado na Lei 42/2007.

## **Título -II. Capítulo -IV. Instrumentos**

### **Artigo 49:** Clasificación.

Para os Espazos Naturais da Rede Natura 2000, é obvio que entre o inicio da declaración e o final deste pode existir un prazo máis ou menos variable derivado das procedementos e avaliacións establecidas pola Comunidade Autónoma, o Estado e a Unión Europea. O comentario referido a estes espazos pode considerarse como correcto.

Para os ENIL e os EPIN, dada a escasa magnitude superficial e o réxime de propiedade dos terreos sobre os que se establece o espazo, a aprobación do espazo natural debería realizarse simultaneamente coa aprobación do correspondente plan de conservación. Non ten sentido, formular como na actualidade, aprobacións provisionais destes espazos condicionadas á formulación do Plan de Conservación.

En calquera caso, debera revisarse o número de instrumentos de planificación. Tal como se plantexa é farragoso e induce a confusión, cando en realidade se trata, con contidos similares, sempre do mesmo concepto (valores do espazo e como protexelos e conservalos). Ben poderían establecerse simplemente dous instrumentos de xestión obrigatorios para todos os espazos naturais protexidos, que se entende poderían ser o Plan de Ordenación dos Recursos Naturais e o Plan Reitor de Uso e Xestión, adaptados en contidos e esixencias a cada tipoloxía de espazo.

**Proposta:** Modificar

### **Artigo 50:** Efectos

No borrador redúcese á capacidade legal dos instrumentos de xestión dos espazos naturais protexidos, incorporando de forma inadecuada determinacións que poden ter efectos moi negativos sobre a integridade dos espazos naturais e o estado de conservación dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural.

Así mentres que no artigo 50.1, se mantén a prevalencia dos instrumentos de ordenación dos espazos naturais sobre outros instrumentos de planificación, conforme á norma estatal, o apartado 50.2 e 50.3 reducen na práctica a prevalencia dos instrumentos dos espazos naturais, quedando relegada a un ditame político, ben sexa da Xunta de Galicia (50.2) ou dos propios alcaldes (50.3).

#### **© Borrador. Artigo 50.**

1. Os instrumentos de planificación previstos no artigo anterior serán obrigatorios e executivos nas materias reguladas nesta Lei, prevalecendo sobre calquera outro instrumento de ordenación territorial, urbanístico, dos recursos naturais ou físico, incluso sobre os preexistentes e constituíndo as súas disposicións un límite para estes, polo que as súas determinacións non poderán alterar ou modificar aquelas disposicións.

2. As previsións dos devanditos instrumentos de planificación serán determinantes para calquera



outra actuación, plan ou programa sectorial que deberán adaptarse ao seu contido. As actuacións, plans ou programas sectoriais tan só poderán contradecir ou non acoller o contido destes instrumentos por razóns imperiosas de interese público de primeira orde que deberán ser acordadas polo Consello da Xunta de Galicia, cando corresponda ao ámbito competencial autonómico, e que deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia.

3. Os concellos, no seu ámbito competencial, poderán propoñer excepcións para garantir a prestación dos servizos mínimos previstos no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. Estas excepcións deberán estar suficientemente motivadas e someterse á aprobación da Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural.

No caso do punto 50.2 estamos de novo ante unha terxiversación dun texto establecido na Lei 42/2007, no que cun criterio máis racional se formula esta situación (artigo 46 da Lei 42/2007), que na actual redacción é claramente deficiente e contrario ao propio procedemento establecido na lexislación estatal.

No caso do punto 50.3, o borrador alude ao artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local. O devandito artigo establece as dotacións mínimas que deben posuír os municipios en función da súa entidade poboacional. Estas determinacións deberan ser avaliadas no momento de formular a creación ou modificación dun espazo natural, ou no momento de establecer as normas de xestión. En todos estes procesos existe un procedemento para que os representantes das administracións locais establezan as súas alegacións e as súas previsións de uso do territorio. Polo que resulta improcedente que unha vez declarado un espazo natural, e unha vez aprobado o seu instrumento de xestión, se acepte unha modificación das determinacións deste, para o establecemento de dotacións que deberon ser consideradas previamente.

#### © Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

##### Artículo 26

1. Los Municipios por sí o asociados deberán prestar, en todo caso, los servicios siguientes:

a) En todos los Municipios:

Alumbrado público, cementerio, recogida de residuos, limpieza viaria, abastecimiento domiciliario de agua potable, alcantarillado, acceso a los núcleos de población, pavimentación de las vías públicas y control de alimentos y bebidas.

b) En los Municipios con población superior a 5.000 habitantes, además:

Parque público, biblioteca pública, mercado y tratamiento de residuos

c) En los Municipios con población superior a 20.000 habitantes, además:

Protección civil, prestación de servicios sociales, prevención y extinción de incendios, instalaciones deportivas de uso público y matadero.

d) En los Municipios con población superior a 50.000 habitantes, además:

Transporte colectivo urbano de viajeros y protección del medio ambiente.

O máis sorprendente deste proceso é que no borrador non se estableza nin un procedemento, nin unhas cautelas. De modo que un Concello podería alegar a necesidade de construír un novo cemiterio tras o desecamento dun humidal incluído dentro dun espazo natural protexido, cando fóra destes límites existen alternativas para a súa situación. Evidentemente nos poucos concellos onde a superficie de área protexida supera o 90% do seu ámbito territorial poderían establecerse situacións conflitivas, pero antes mesmo de elixir un "humidal" ou un "bosque" para a construción do cemiterio existen outras situacións de menor impacto ambiental: "piñeirais", "eucaliptais", "labradíos". En consecuencia, a redacción deste apartado non resulta axeitada para garantir unha xestión racional dos espazos naturais, abrindo a porta a todo tipo de actuacións que entrarían en contradición cós obxectivos da presente lei.

**Proposta.** 1. - Transcribir integramente no borrador o artigo 46 da Lei 42/2007 en substitución do punto 50.2. 2. - Eliminar o punto 50.3.

#### **Artigo 51:** PORN

Contradicindo o artigo 50,1 e 50,2 do borrador, e a propia normativa estatal (Lei 42/2007, art. 17), procédese á minimizar a figura do PORN, formulando que estes instrumentos non poidan establecer determinacións sobre os solos urbanos, e deixando en consecuencia sen efecto a consideración destes territorios como espazos protexidos. A opción adoptada no borrador non ten paralelo co resto da normativa das Comunidades Autónomas, nin tampouco coa normativa establecida noutros países da Unión Europea xa que formula unha clara subordinación



dos criterios urbanísticos sobre os criterios ambientais, que contradí abertamente a normativa estatal e da Unión Europea.

© **Borrador. Artigo 51.**

4. Quedan excluídos, en todo caso, do ámbito de aplicación dun plan de ordenación dos recursos naturais os solos que teñan a condición de solos urbanos nun instrumento de planificación urbanística aprobado á data do inicio do seu procedemento de aprobación, agás que se xustifique expresamente a súa inclusión por necesidades concretas de conservación.

A redacción deste punto, en consecuencia, é inaceptable; un erro enorme que deixaría de facto desprotexidas amplas zonas supostamente protexidas e que polo de pronto obriga a incluír a disposición adicional sexta para evitar a súa aplicación aos ENP xa declarados.

A lexislación urbanística, tanto no caso da recente Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, como da normativa anterior, obrigan a tipificar no ámbito urbano como "solo rústico de especial protección" os terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da lexislación de conservación da natureza. En consecuencia todos os ámbitos dos espazos naturais de Galicia, son e deben ser considerados como "SOLOS RUSTICOS DE ESPECIAL PROTECCION", non existindo posibilidade de definir dentro dos espazos naturais áreas como "SOLOS URBANOS".

© **Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.**

Artigo 34. Solo rústico de especial protección

1. O planeamento clasificará como solo rústico de especial protección os terreos afectados polas lexislacións sectoriais de protección do dominio público marítimo-terrestre, hidráulico ou de infraestruturas ou polas de protección dos valores agrícolas, gandeiros, forestais, paisaxísticos, ambientais, naturais ou culturais.

2. No solo rústico de especial protección distinguiranse as seguintes categorías:

f) Solo rústico de protección de espazos naturais, constituído polos terreos sometidos a algún réxime de protección por aplicación da lexislación de conservación da natureza ou da lexislación reguladora dos espazos naturais, a flora e a fauna.

A forma anárquica que caracterizou ao urbanismo galego nas últimas décadas levou a que a maioría dos Concellos non teñan adaptado o seu plan urbanístico, mantendo en vigor moitos deles as determinacións das Normas Subsidiarias establecidas no ano 1991. Nestas normas, ao igual que en moitos dos posteriores PXOM se establece unha singular tipificación do solo, considerando como solo urbano áreas de grande relevancia ambiental (dunas, lagoas, brañas, bosques nativos, etc). Co paso do tempo moitas destas determinacións quedaron nun limbo de alegalidade, entrando en conflito coa normativa estatal (Lei de Augas, Lei de Costas) e coa propia normativa autonómica de ordenación do territorio e do medio ambiente. A situación de ilegalidade vs alegalidade en que se atopan moitas das determinacións do plan municipal son non obstante obviadas polo borrador, ao non establecer no texto ningunha matización sobre a condición de solos urbanos aos que se aplica o referido artigo. Asumindo deste modo como urbanos, solos que non cumpren as condicións establecidas pola Lei 2/2016.

Os esforzos para reducir esta planificación irracional e expoliativa, tanto dende distintos ámbitos da administración estatal (Lei de Costas) e galega (declaración de determinados espazos naturais protexidos, Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, Plan do Litoral, etc), vense agora relegadas por unha medida que só beneficia a actuacións que son susceptibles de provocar unha perda da integridade dos espazos naturais, así como unha mingua significativa do estado de conservación dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural.

Estamos ademais ante unha exclusión "absoluta", que se establece sen ningún tipo de fundamento, sen ningún tipo de garantía, sen ningún tipo de avaliación das súas repercusións. Unha exclusión que vai en contra do criterio xeral, e que dificilmente resulta compatible coa obriga de conservar o medio ambiente establecida na Constitución.

Poderíamos considerar que a normativa fixase como criterios no momento de establecer un novo espazo protexido, ou no momento de establecer os seus instrumentos de xestión, a realización dunha análise do estado do plan, e das súas previsións futuras, formulando en consecuencia unha zonificación e medidas de xestión que tivesen en conta xunto coas necesidades de conservación dos compoñentes do patrimonio natural e da biodiversidade, necesidades de carácter socio-económico, como contempla a propia DC 92/43/CEE ou a Lei 42/2007. Pero en lugar diso, óptase



por unha vía irracional que de levarse a cabo podería ter unhas consecuencias moi negativas sobre os compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural.

**Proposta:** Eliminar parágrafo 4.

**Artigo 52:** Contido

Para evitar os problemas actuais de desinformación da poboación, que logo é fácilmente manipulable con campañas de intoxicación anti-conservación, resulta imprescindible a inclusión dunha estratexia de comunicación e divulgación nos PORN.

**Proposta:** Engadir estratexia de comunicación e divulgación.

**Artigo 55:** Definición e ámbito

Segundo se sinalou no artigo 49, os “Plans reitores de uso e xestión” deberan ser obrigatorios para todos os espazos naturais protexidos.

**Proposta:** Modificar.

**Artigo 56:** PRUX

O proceso de elaboración e aprobación dos PRUX en Galicia debería ser máis rápido e áxil, adaptándose aos Plans de Seguimento que se realizan noutros espazos naturais da Unión Europea.

Consideramos que deberían eliminar o carácter obrigatorio daqueles elementos que son tamén obxecto do PORN, formulando estes como opcionais.

- Descrición do medio: Debería ser opcional. E solo xustificárase en caso de que houberse cambios substanciais en relación coa establecida no PORN.
- Zonificación: Debería ser opcional. Xa que o PORN xa a contempla. E debería de novo reducirse a adecuacións ou cambios non significativos da establecida no PORN.
- Normativas: Deberían ser opcional. De novos atopámonos con que o PORN xa as debería contemplar. En consecuencia non ten sentido volver establecer no documento as mesmas que as establecidas no PORN.

Pola contra faltan elemento que deberían ser obrigatorios, dado o carácter temporal que ten este instrumento, fronte ao carácter máis permanente que se outorga aos PORN.

- Estado de conservación dos compoñentes da Biodiversidade e do Patrimonio Natural: Dinámica recente. Previsións de futuro.
- Actuacións de conservación - restauración - rehabilitación realizadas: Avaliación dos seus efectos.
- Actuacións de uso público realizadas.
- Actuacións de monitoreo e seguimento realizadas.

Finalmente a memoria económica debería formularse dunha forma obxectiva e realista. Tanto en relación coas actuacións xa desenvolvidas. Como as previstas. E estas incluír ademais da súa descrición, fitos que permitan avaliar o desenvolvemento da actuación, temporalidade desta e dos distintos fitos, presuposto, fonte de financiamento.

Para evitar os problemas actuais de desinformación da poboación, que logo é fácilmente manipulable con campañas de intoxicación anti-conservación, resulta imprescindible a inclusión dunha estratexia de comunicación e divulgación nos PRUX.

**Proposta:** Modificar

**Artigo 59 :** Definición e ámbito



O borrador di: "3. *Quedan excluídos, en todo caso, do ámbito de aplicación dun plan de xestión os solos que teñan a condición de solos urbanos nun instrumento de planificación urbanística aprobado á data do inicio do seu procedemento de aprobación, agás que se xustifique expresamente a súa inclusión por necesidades concretas de conservación.*" A redacción deste punto é inaceptable; un erro de proporcións xigantescas que deixaría de facto desprotexidas amplas zonas supostamente protexidas.

**Proposta:** Eliminar o punto 3.

## **Artigo 60:** Contido

O borrador da Lei considera como instrumento de ordenación para os Monumentos Naturais, Humidais Protexidos, Paisaxes protexidas e os espazos da Rede Natura 2000, o PORN e os Plans de Xestión. Tendo en conta que a lexislación estatal, considera que o único instrumento válido para a xestión en rede de espazos naturais protexidos é o PORN, o Plan de Xestión, carece de validez para a xestión en rede dos espazos da Rede Natura 2000. E por conseguinte non garante a propia conservación destes espazos e dos seus compoñentes. Neste sentido a xestión dos espazos da Rede Natura 2000 de Galicia lévase a cabo a través dun único instrumento, válido para o conxunto da Rede, o Plan Director da Rede Natura 2000 de Galicia, que se corresponden legalmente cun Plan de Ordenación dos Recursos Naturais.

Comparando o contido establecido no presente borrador par o PORN (art 52) e os Plans de Xestión (art 60), as maiores diferenzas entre ambos os dous instrumentos radican na omisión nos Plans de Xestión da "zonificación" (d), " Aplicación, no seu caso, dalgún dos rexímenes de protección de espazos naturais " (f), " memoia económica acerca dos custos e instrumentos financeiros previstos para a súa aplicación " (j), " Directrices e criterios para a redacción de plans reitores de uso e xestión que os desenvolvan para o caso de Parques e Reservas" (j).

Formular no século XXI a planificación e xestión dunha área protexida sen unha zonificación resulta un proceso incongruente coa necesidade de poder compatibilizar axeitadamente as necesidades de conservación, os usos tradicións, e o uso público. A zonificación debería ser obrigatoria en todo instrumento de xestión dun espazo protexido. Analogamente, resulta inadecuado formular un instrumento de planificación e xestión sen unha axeitada estimación de custos e de priorización das liñas de actuación.

### **Artigo 52.- Contidos mínimos do PORN**

- A.- Delimitación do ámbito territorial obxecto de ordenación, e descrición e interpretación das súas características físicas, xeolóxicas e biolóxicas
- B.- Inventario e definición do estado de conservación dos compoñentes do patrimonio natural e a biodiversidade, dos ecosistemas e as paisaxes no ámbito territorial do que se trate, formulando unha diagnose deste e unha previsión da súa evolución futura.
- c.- Determinación dos obxectivos e dos criterios para a conservación, protección, restauración e uso sostible dos recursos naturais e, en particular, dos compoñentes da biodiversidade e xeodiversidade no ámbito territorial de aplicación do plan.
- d.- Zonificación do territorio afectado, se procede.
- e.- Determinación das limitacións xerais e específicas que respecto dos usos e actividades deban establecerse en función da conservación dos compoñentes do

### **Artigo 60.- Contidos mínimos do Plan de Xestión**

- a) Delimitación do seu ámbito de protección, que poderá ser descontinuo cando resulte necesario.
- b) Identificación dos valores que deben protexerse, o seu estado de conservación e os posibles riscos que poidan afectar aos seus valores naturais.
- g) Programa de seguimento.
- c) Os obxectivos de conservación.
- 
- d) As normas de uso e apoveitamento do solo e dos recursos naturais, destinadas a protexer e conservar ou mellorar os valores ambientais.



patrimonio natural e da biodiversidade.

f.- Aplicación, no seu caso, dalgún dos rexímenes de protección de espazos naturais.

g.- Establecemento dos criterios de referencia orientadores na formulación e execución das diversas políticas sectoriais que inciden no ámbito territorial de aplicación do plan, para que sexan compatibles cos obxectivos de conservación do patrimonio natural e a biodiversidade.

H.- Identificación de medidas para garantir a conectividade ecolóxica, establecendo ou restablecendo corredores con outros espazos naturais de singular relevancia para a biodiversidade.

i.- Memoria económica acerca dos custos e instrumentos financeiros previstos para a súa aplicación.

j.- Directrices e criterios para a redacción de plans reitores de uso e xestión que os desenvolvan para o caso de Parques e Reservas.

e) As normas relativas ao uso público, así como ás actividades científicas ou educativas.

f) Programación das actuacións a desenvolver no espazo natural.

d) As normas de uso e apoveitamento do solo e dos recursos naturais, destinadas a protexer e conservar ou mellorar os valores ambientais.

d) As normas de uso e apoveitamento do solo e dos recursos naturais, destinadas a protexer e conservar ou mellorar os valores ambientais.

En consecuencia, as únicas diferenzas obxectivas entre o Plan de Xestión e un PORN radican naqueles apartados que fan referencia aos Parques e ás Reservas Naturais que soamente son contemplados no PORN. Por conseguinte non ten moito sentido manter este instrumento de planificación e xestión, e o máis correcto sería a súa eliminación. Reiterase o dito nas consideración ao artigo 49 de simplificación e revisión dos instrumentos de planificación dos recursos e espazos naturais a protexer.

No borrador se inclúe: *"a) Delimitación do seu ámbito de protección, que poderá ser discontinuo cando resulte necesario."* Un ámbito de protección discontinuo é inaceptable pois diminuiría a súa eficacia.

Ademáis, para evitar os problemas actuais de desinformación da poboación, que logo é fácilmente manipulable con campañas de intoxicación anti-conservación, resulta imprescindible a inclusión dunha estratexia de comunicación e divulgación nos Plans de Xestión.

**Proposta:** Modificar

**Artigo 63:** Normas de Xestión e Conservación

Nos PORN, PRUX e Plans de Xestión, exclúese por Lei, sen ningún tipo de xustificación e sen ningún tipo de lóxica, as determinacións sobre solos urbanos. Esta exclusión non obstante non se contempla para as "Normas de Xestión e Conservación", situación que pon en evidencia que o devandito criterio se está a aplicar de forma arbitraria e sen ter en conta as necesidades reais ou potenciais dos ecosistemas, os hábitats e as especies de flora e fauna silvestre que poidan existir nestas áreas.

As Normas de Xestión e Conservación fórmulanse como un instrumento específico para os EPIN e ENIL. O lóxico e dado as características destas figuras, sería esperar que as Normas de Xestión e conservación fosen máis sinxelas que os PORN ou os Plans de Xestión. Non obstante a realidade é outra, e nas Normas de Xestión e Conservación contemplan máis apartados que nun PORN ou nun Plan de Xestión. Situación que resulta moi difícil de comprender.

Na redacción das Normas de Xestión e Conservación, esíxense unha serie de documentos que nada teñen que ver cun instrumento de xestión, e que de ser necesario, deberían ser entregados polos seus promotores durante a fase de declaración (apartados b,c,j), xunto con outra anacrónica (f), que carece de sentido no século XXI e que debería



eliminar. Mentres que pola contra, o apartado "g", debería estenderse igualmente aos EPIN, en relación coas medidas que estes formulan adoptar en relación coa adecuación de accesos, uso público, etc.

© **Borrador. Artigo 63.**

- a) Delimitación do seu ámbito de protección, que poderá ser descontinuo cando resulte necesario e a acreditación da titularidade dos terreos.
- b) Normativa urbanística aplicable ao solo no que se sitúe o espazo natural.
- c) Accesos e posibles gravámenes existentes sobre o espazo natural.
- d) Identificación dos valores que deben protexerse e dos posibles riscos que poidan afectar aos seus valores naturais.
- e) Usos e aproveitamentos do solo e dos recursos naturais existentes.
- f) Descrición socioeconómica da contorna.
- f) Os obxectivos de conservación.
- g) As normas competencia da Administración local que se vaian a aplicar nos Espazos Naturais de Interese Local
- h) Programación das actuacións a desenvolver no espazo natural.
- i) Necesidades orzamentarias para a xestión e fontes de financiación previstas.
- j) Compromiso do promotor de asignar os recursos económicos necesarios para a xestión do espazo. No caso de espazos naturais de interese local, este compromiso deberá contar co acordo do pleno do concello.
- k) Programa de seguimento.

En calquera caso, remitímonos de novo ao dito no artigo 49 en relación á simplificación e revisión dos instrumentos de planificación dos recursos e espazos naturais a protexer.

**Proposta:** Modificar ou eliminar.

**Artigo 67:** Zonificación

A "Zonificación" debería ser un proceso obrigatorio en todos os instrumentos de xestión de áreas protexidas. A súa non consideración debería estar exhaustivamente xustificada.

No establecemento das unidades de zonificación no caso dos Parques Nacionais e das Reservas da Biosfera xa existe unha tipoloxía establecida legalmente. No caso das outras figuras de áreas protexidas debería indicarse que as unidades de zonificación deberían ser coherentes coas tipoloxías establecidas noutras figuras estatais ou internacionais, evitando con iso o uso de termos confusos ou contraditorios.

Por eso, como mínimo na Lei habería que substituir "poderán prever" por "establecerán" para ler: "*Os instrumentos de planificación ~~poderán prever~~ ESTABLECERÁN unha zonificación do espazo natural protexido, entendida como a delimitación de diferentes áreas para as que se designarán limitacións xerais e específicas derivadas das necesidades de conservación do espazo e dos recursos naturais presentes nel.*"

**Proposta:** Modificar

**Artigo 69:** Usos e actividades permitidas.

O parágrafo segundo debería matizarse o obxecto ao que se aplica a "afección apreciable". É dicir debería continuarse o parágrafo indicando: "afección apreciable sobre a integridade do espazo natural e sobre os hábitats e especies protexidas (compoñentes clave)".

**Proposta:** Modificar

**Artigo 71:** Usos e actividades prohibidas.

No borrador da Lei non aparece definido o concepto de "compoñente clave". No Plan Director da Rede Natura 2000 vincúlase esta definición cos hábitats e especies de interese comunitario, así como coas especies protexidas de flora e fauna silvestre. A falta de definición deste concepto fai que quede ao libre arbitrio a consideración de compoñente



clave. Podería ser unha polilla da pataca ou podería non considerarse como tal o bosque de loureiros da illa de Cortegada.

**Proposta:** Modificar

## Título -II. Capítulo -V.

### Artigo 72: Organos de Xestión

Durante os últimos anos a xestión dos espazos naturais de Galicia foi moi errática. De non asignar Director/a aos diferentes Parques Naturais, pasouse á supresión de facto da figura de Director/a, substituíndoa por unha nova figura que teoricamente asume a xestión ordinaria e extraordinaria de varios parques naturais e outras áreas protexidas. Este modelo de xestión non resulta operativa, tanto para asegurar unha correcta conservación e protección dos compoñentes da biodiversidade e do patrimonio natural, coma para manter unha correcta relación coa poboación que vive nos parques naturais. O borrador recupera de novo a figura de Director/a de Parque Natural, un aspecto positivo.

Nas obrigas do Director/a dos Parques Naturais e das Reservas Naturais indícase unicamente o cumprimento das determinacións establecidas no PRUX, cando deberían tamén incluír as establecidas na propia normativa de creación do devandito espazo, as do PORN, e as do resto das figuras de áreas protexidas que poida posuír o devandito Parque Natural ou Reserva Natural.

Como xa se comentou nos apartados relativos ás microrreservas resulta sorprendente que se formule a posibilidade de establecer un Director/a para un espazo de menos de 20 ha de superficie, e mentres que non se estableza a posibilidade de establecer un Director/a para outros tipos de espazos de maior entidade xeográfica e que resultan cruciais para asegurar a conservación do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia.

Non se alude aos órganos de xestión das Reservas da Biosfera. Cando estas deben de posuír un Órgano de Xestión, incluíndo ademais a figura dun Xestor/a.

Os ENIL e EPIN deberían contar obrigatoriamente cun Xestor (tempo completo / tempo parcial), con formación en ámbito ambiental, biodiversidade, e espazos naturais. Debe establecerse unha diferenza clara entre o Órgano Promotor do espazo e o seu Xestor técnico.

**Proposta:** Modificar

### Artigo 73: Xunta Reitora

1. - Debería formularse un órgano similar para o resto dos espazos naturais, e especialmente para os espazos da Rede Natura 2000, formulando neste caso polo menos un órgano reitor por cada provincia.
2. - Na configuración dos órganos reitores falta a presenza de persoal científico das Universidades ou dos Centros de Investigación radicados en Galicia.
3. - O presidente da Xunta Reitora non debe ser un político. O perfil profesional da persoa que ocupe unha Xunta Reitora debería estar directamente vinculado coa xestión dos espazos naturais e da biodiversidade.
4. - A representación dos propietarios dos terreos que configuran o espazo natural debería formularse a través de asociacións debidamente constituídas.

**Proposta:** Modificar

### Artigo 76: Humidais de importancia internacional

O parágrafo 1 é redundante. Está moi mal expresado. Non se entende.





Por outra banda, ao igual que as Reservas da Biosfera, a súa declaración non é competencia da Xunta de Galicia polo que "a súa iniciativa" ten que ser propoñer á Convención de Ramsar que se declaren como tales.

**Proposta:** Modificar

**Artigo 77:** Xeoparque

Segundo a información incluída na páxina web da UNESCO [Consultada o 28/02/2017], a figura de Xeoparques desígnase a partir do 17/11/2015, como Xeoparques Mundiais da Unesco. Esta decisión foi tomada polo máximo órgano da UNESCO, a Conferencia Xeral da UNESCO.

O Programa Xeoparques Mundiais da UNESCO busca aumentar a conciencia da xeodiversidade e promover as mellores prácticas de protección, educación e turismo. Xunto cos sitios do Patrimonio Mundial e Reservas da Biosfera, os Xeoparques Globais da UNESCO forman unha gama completa de ferramentas de desenvolvemento sostible e contribúen á consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2030 a través da combinación de perspectivas globais e locais.

O Comité Nacional Español de Xeoparques Mundiais da UNESCO constituíuse o 8 de xullo de 2015, seguindo as recomendacións das directrices operativas de xeoparques mundiais, que foron presentados na 196ª sesión do Consello Executivo da UNESCO. O Comité Español está constituído por representantes da administración estatal, os representantes dos xeoparques xa declarados e polos membros asesores. O Comité Nacional Español de Xeoparques, aínda non estableceu un procedemento concreto, a diferenza do Comité MaB, para a presentación e tramitación das propostas de novos Xeoparques Mundiais da UNESCO.

En consecuencia. Debería substituírse o termo "Xeoparque" polo de "Xeoparque Mundial da Unesco". Deberían eliminarse as indicacións relativas ao procedemento para a presentación e tramitación dunha nova iniciativa ata que non estivesen convenientemente establecidas e publicadas legalmente polo Comité Nacional Español. As referencias consideradas no borrador, fan referencia a un procedemento antigo, non admitido na actualidade pola UNESCO, nin validado polo Comité Nacional Español.

Dadas as frecuentes modificacións dos criterios de presentación e validación das figuras de áreas protexidas de ámbito internacional, a Lei soamente debería contemplar a existencia da mesma e a súa definición, deixando para un desenvolvemento posterior a través dun decreto ou dunha orde os procedementos anteriormente referidos.

**Proposta:** Modificar

**Artigo 79:** Reservas da Biosfera

O borrador modifica o significado dos textos de referencia. Así ao introducir o texto "nivel autonómico" rebáixase inconscientemente o concepto defendido pola UNESCO, e a condición de relevancia "internacional" destes espazos.

© **Borrador. Artigo 79.**

2. As Reservas da Biosfera procurarán ser lugares de excelencia para o ensaio e a demostración de métodos de conservación e desenvolvemento sostible a nivel autonómico, combinando as seguintes funcións:

En canto ao proceso de declaración da Reserva da Biosfera, acontece o mesmo que no caso dos Xeoparques. E dadas as frecuentes modificacións dos criterios de presentación e validación destas figuras de áreas protexidas de ámbito internacional, a Lei soamente debería contemplar a existencia da mesma e a súa definición, deixando para un desenvolvemento posterior a través dun decreto ou dunha orde os procedementos anteriormente referidos.

**Proposta:** Modificar



## **Artigo 82:** Xestión das Reservas da Biosfera

O artigo 82.2 crea a Rede de Reservas da Biosfera de Galicia. Sen formular a súa finalidade, sen establecer obxectivos, nin medios materiais nin humanos para a súa posta en funcionamento.

**Proposta:** Modificar

## **Título -II. Capítulo -VII.**

Como se comentou anteriormente o borrador do anteproxecto da Lei do Patrimonio Natural de Galicia, omite a definición establecida na lexislación europea (DC 92/43/CEE) e estatal (Lei 42/2007), de conceptos clave relativos á Rede Natura 2000, empregando en ocasións termos que aínda que poidan ser considerados como sinónimos na linguaxe coloquial, poden dar orixe a interpretacións técnico-xurídicas distintas. Omítense, cando non se modifican sen criterio, os artigos básicos que determinan as necesidades de conservación relativas aos espazos da Rede Natura 2000, transcribindo de forma incompleta e alterada as determinacións establecidas na lexislación europea (DC 92/43/CEE) e estatal (Lei 42/2007).

Recoméndase refacer integramente este capítulo. Englobando nun único apartado da Lei, todos os artigos referidos aos espazos da Rede Natura 2000, transcribindo literalmente o establecido na lexislación estatal e europea.

**Proposta:** Modificar integramente Capítulo VII.

## **Título -II. Capítulo -VIII.**

### **Artigo 86:** Estratexia galega de infraestrutura verde

O artigo 86 vaticina a elaboración dunha Estratexia Galega de Infraestruturas Verdes, abordada no marco das iniciativas estatais e europeas, sen formular ningún detalle sobre os seus fundamentos, obxectivo, alcance das determinacións.

### **Artigo 87:** Coherencia e conectividade ecolóxica

A situación agudízase no artigo 87, cando o borrador non desenvolve formulacións concretas en relación ao fomento da conectividade ecolóxica. Resalta a importancia dos cursos fluviais e as áreas de montaña, pero evita calquera referencia aos efectos negativos, como é o caso da eucaliptización ou dos problemas derivados das grandes infraestruturas viais.

Na súa actual redacción o artigo 87 non asegura unha mellora na conectividade dos espazos naturais e dos ecosistemas do territorio galego.

**Proposta:** Modificar integramente Capítulo VIII.

## **Título -III. Capítulo -I.**

É necesario reformular completamente os instrumentos de planificación e xestión relativos ás especies incluídas no listado de réxime de protección especial de Galicia e no catálogo de especies ameazadas. A redacción e aprobación dos plans debe limitarse a 2 anos, dende a súa declaración. A situación actual, non é xustificable e xera graves problemas para a conservación efectiva destes compoñentes clave da biodiversidade.

No momento de incluír unha especie no listado ou no catálogo deberíase esixir ademais a elaboración dunhas medidas mínimas de carácter preventivo e cautelar, que aseguren a conservación das especies e dos seus hábitats. Medidas que se manterán ata a aprobación do instrumento específico.

**Proposta:** Modificar.



## **Artigo 88:** Principios xerais

O artigo supón unha copia parcial do artigo 54 da Lei 42/2007, formulando unha visión arcaica da conservación da Biodiversidade centrada equívocamente nas especies de flora e fauna silvestre, excluindo calquera referencia aos recursos non silvestres, aínda que estes forman igualmente parte da Biodiversidade, tal e como se recolle no Convenio de Diversidade Biolóxica e na propia Estratexia galega para a conservación e uso sostible da biodiversidade,

A conservación de calquera especie silvestre resulta inviable se non se conserva ao mesmo tempo o seu biotopo. Polo que os obxectivos de conservación deben formularse dende unha perspectiva ecosistémica, baseada e articulada na protección dos hábitats e das paisaxes. Por iso, previo a este capítulo, debería incluírse outro dedicado á protección específica das paisaxes e dos hábitats, como contempla a propia normativa estatal (Lei 42/2007).

Minimízanse os apartados relativos á introdución de especies exóticas, que aínda sendo competencia estatal, deberían, dada a súa importancia, incluírse integramente na norma galega.

### © Ley 42/2007. Artículo 54

2. La Administración General del Estado prohibirá la importación o introducción de especies o subespecies alóctonas cuando éstas sean susceptibles de competir con las especies silvestres autóctonas, alterar su pureza genética o los equilibrios ecológicos.

3. La importación o introducción en el territorio nacional de una especie alóctona que podría concurrir potencialmente en las circunstancias descritas en el apartado anterior estará supeditada a la obtención de una autorización administrativa por parte del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, sin perjuicio de los demás requisitos contemplados en la normativa sectorial correspondiente

4. Tras la publicación del listado previsto en el apartado anterior, el Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente sólo autorizará la importación en el territorio nacional de una especie incluida en dicho listado cuando, en la primera importación solicitada, compruebe mediante la evaluación de un análisis de riesgo presentado por el operador, que la especie no es susceptible de incurrir en las circunstancias descritas en el apartado 2. Cuando el análisis de riesgo de esa primera solicitud sea favorable a la importación, no será necesario solicitar autorizaciones de esta índole para importaciones posteriores, salvo que nuevas razones de índole científica debidamente fundadas aconsejen someterlo de nuevo a un análisis de riesgo

### © Borrador. Artigo 88.

4. A Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural adoptará as medidas precisas para impedir a introdución no medio natural de especies ou subespecies alóctonas susceptibles de competir coas especies silvestres autóctonas, alterar as súas características xenéticas ou os equilibrios ecolóxicos.

## **Artigo 89:** Réxime de protección xeral

O borrador omite igualmente as prohibicións establecidas en artigo 54.5 da Lei 42/2007

### © Ley 42/2007. Artículo 54

5. Queda prohibido dar muerte, dañar, molestar o inquietar intencionadamente a los animales silvestres, sea cual fuere el método empleado o la fase de su ciclo biológico.

Esta prohibición incluye su retención y captura en vivo, la destrucción, daño, recolección y retención de sus nidos, de sus crías o de sus huevos, estos últimos aun estando vacíos, así como la posesión, transporte, tráfico y comercio de ejemplares vivos o muertos o de sus restos, incluyendo el comercio exterior.

Para las especies de animales no comprendidos en alguna de las categorías definidas en los artículos 56 y 58, estas prohibiciones no se aplicarán en los supuestos con regulación específica, en especial en la legislación de montes, caza, agricultura, sanidad y salud públicas, pesca continental y pesca marítima, o en los supuestos regulados por la Administración General del Estado o las comunidades autónomas, en el ámbito de sus competencias, para su explotación, de manera compatible con la conservación de esas especies.



© **Borrador. Artigo 89.**

1. Queda prohibido dar morte, danar, molestar ou inquietar intencionadamente ás especies animais obxecto desta Lei, con especial atención ás especies autóctonas, así como capturalas en vivo e recoller os seus ovos ou crías.
2. Queda igualmente prohibido posuír, traficar e comerciar con exemplares vivos ou mortos ou cos restos de animais silvestres, así como transportalos sen o debido cumprimento dos requisitos esixidos pola lexislación vixente.
3. Estas prohibicións non se aplicarán nos supostos con regulación específica, en especial na lexislación de montes, caza, agricultura, sanidade e saúde pública, pesca continental e pesca marítima ou nos supostos regulados pola Administración Xeral do Estado, no seu ámbito competencial, para a súa explotación, de maneira compatible coa conservación desas especies.

Cabe sinalar que coa redacción actual do punto 1 non estaría prohibido recoller, cortar, mutilar, arrancar ou destruír intencionadamente plantas, fungos ou algas na natureza.

Así como a excepción das administracións ao pagamento de compensacións económica en relación cos danos que poidan xerar as especies silvestres

© **Lei 42/2007. Artigo 54**

6. Sin perjuicio de los pagos compensatorios que en su caso pudieren establecerse por razones de conservación, con carácter general, las Administraciones públicas no son responsables de los daños ocasionados por las especies de fauna silvestre, excepto en los supuestos establecidos en la normativa sectorial específica..

**Proposta:** Modificar.

**Artigo 90:** Listado de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia

No apartado 1 do artigo 90 deberíanse especificar as "Directivas" é dicir indicar "Directiva Hábitat e Directiva Aves" na súa actual redacción resulta improcedente e xera confusión.

No desenvolvemento do Listado de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia, debería outorgarse un papel relevante ao Observatorio Galego de Biodiversidade e o COGAMADS, e así expresalo neste artigo.

**Proposta:** Modificar.

**Artigo 91**

Non se aclara o concepto "accidental". A accidentalidade vinculada coa distribución dunha especie silvestre relaciónase coa acción humana que de forma directa ou indirecta pode provocar a expansión territorial dunha especie fóra da súa área distribución natural. Pero tamén se podería considerar "accidental" como sinónimo de pouca frecuencia, e con iso poderíamos chegar a afirmar que o oso é unha especie "accidental" en Galicia. E da mesma forma se podería aplicar a calquera especie migratoria. Debería en consecuencia aclararse este termo e referilo á primeira acepción do contrario poderíase xerar unha grave anormalidade na protección de moitas especies.

O apartado 3 deste artigo debería ser reformulado. ¿Que se entende por especies de competencia exclusiva da Administración Xeral do Estado?. A Lei 42/2007 non fixa unha repartición de especies entre o Estado e as Comunidades Autónomas. ¿Estamos a insinuar que unha especie protexida polo estado e non salientada no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia, que estivese presente no territorio galego, non tería ningún tipo de protección?. O redactor da Lei debería aclarar convenientemente todas as casuísticas e formular unha redacción máis doadamente comprensible.

**Proposta:** Modificar.



## Artigo 92

Na actualidade neste procedemento intervén o Observatorio Galego da Biodiversidade, debería consultarse tamén o COGAMADS. Debe manterse e reforzarse esta actuación na catalogación de especies protexidas.

**Proposta:** Modificar.

## Artigo 93

As prohibicións deberían incluír a destrución ou alteración dos seus hábitats naturais. De nada serve protexer unha especie se se permite alterar ou destruír o seu hábitat.

**Proposta:** Modificar.

## Artigo 94

Con toda lóxica na elaboración dos plans de conservación das especies non se establece ningunha mención sobre o tipo de clasificación urbanística do solo coma se se realiza cos instrumentos de xestión de espazos naturais. E aquí de novo pon en evidencia a incongruencia á hora de promover a conservación do Patrimonio Natural de Galicia, a proposta de excluír os solos urbanos das determinacións dos instrumentos de xestión e planificación dos espazos naturais protexidos. Dificilmente se pode asegurar unha integración das medidas de protección entre os plans de espazos e dos de especies cando nos primeiros se exclúen de forma arbitraria os solos urbanos.

O punto 5 pode xerar situacións lesivas para asegurar a integridade da Rede Natura 2000 ao non especificar debidamente, por exemplo, “...outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde” quedando a decisións a resolucións subxectivas da Administración. Tampouco ten moito senso cando as superficies da Rede Natura en Galicia son bastante reducidas e polo xeral ailladas entre sí, e hai moita superficie de menor valor ambiental onde se podería desenvolver eses proxectos. En todo caso, debería haber un informe vinculante do Observatorio Galego da Biodiversidade e/ou do COGAMADS

Tanto o Catálogo como o Borrador, indican: “a) A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de “en perigo de extinción” conleva, nun prazo máximo de tres anos, a adopción dun plan de recuperación, que inclúa as medidas máis axeitadas para restablecer as poboacións naturais a un estado que limite o seu risco de extinción. b) A inclusión dunha especie, subespecie ou poboación na categoría de “vulnerable” conleva a adopción, nun prazo máximo de cinco anos, dun plan de conservación que inclúa as medidas máis axeitadas para preservar, manter e restablecer as poboacións naturais facéndoas viables.” Pola contra, a realidade dende a aprobación do Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) é a seguinte:

2 plans de recuperación en 10 anos, tardará a Xunta 260 anos en publicar os 72 plans de recuperación das restantes especies en perigo de extinción?

1 plan de conservación en 10 anos, tardará a Xunta 1240 anos en publicar os 124 plans de conservación das restantes especies catalogadas como vulnerables?

**Proposta:** Modificar.

## Artigo 95

Na actualidade neste procedemento intervén o Observatorio Galego da Biodiversidade. Debe manterse e reforzarse esta actuación na aprobación dos plans de conservación de especies.

**Proposta:** Modificar.

## Artigo 96

Na actualidade neste procedemento intervén o Observatorio Galego da Biodiversidade. Debe manterse e reforzarse esta actuación na revisión dos plans de conservación de especies.



**Proposta:** Modificar.

## **Artigo 97:** Contido dos plans

Para evitar os problemas actuais de desinformación da poboación, que logo é facilmente manipulable con campañas de intoxicación anti-conservación, resulta imprescindible a inclusión dunha estratexia de comunicación e divulgación dos plans para a recuperación de especies.

## **Artigo 99:** Excepcións

As excepcións derivan do artigo 61 da Lei 42/2007, aínda que se omiten, sen ningún tipo de xustificación os apartados 3, 4, 5 e 6 dese artigo. Apartados que deberían ser integrados no texto do anteproxecto da Lei do Patrimonio Natural. Integrando no apartado 5 a necesidade de dispoñer dun ditame do Observatorio Galego da Biodiversidade e/ou o COGAMADS.

**Proposta:** Modificar.

## **Artigo 100**

Nos apartados "b", "c" ademais debería incluír a necesidade igualmente de solicitar autorización en caso de afectar aos seus "hábitats" no caso das especies de flora e invertebrados, e aos hábitats que constitúen o seu áreas de refuxio ou reprodución para o resto das especies animais.

No século XXI resulta incongruente formular a naturalización de especies catalogadas con fins educativos. Deberíase pois eliminar. Como tamén se debería prohibir a exhibición pública de especies de animais ou vexetais.

Debería prohibir, sen ningún tipo de excepción, a captura, tenza e exhibición de aves cantoras obtidas directamente de poboacións silvestres.

**Proposta:** Modificar.

## **Artigo 103**

A taxidermia de especies catalogadas soamente debería autorizarse no caso de que estea vinculada con fins científicos, e preferentemente cando os animais sexan obtidos tras un deceso natural ou por un accidente.

**Proposta:** Modificar.

## **Artigo 104**

Débase prohibir a venda e comercialización de especies catalogadas, así como o emprego destas, no caso das vexetais, como elementos decorativos en xardíns públicos ou privados. A difusión de exemplares por estes medios son unha causa de perda de diversidade xenética das especies protexidas.

**Proposta:** Modificar.

## **Artigo 105**

Dada a escaseza de recursos económicos e a dificultade de manter en cada Comunidade Autónoma un bancos de conservación ex situ, este apartado debería reformularse formulando a posibilidade de que a Xunta de Galicia colabore ademais cos bancos de conservación ex situ, tanto situados en Galicia, como no estado como na Unión Europea. A conservación ex situ non pode formularse dende unha perspectiva localista, máis aínda cando os recursos achegados polas administracións públicas de Galicia para estes fins foron moi insignificantes.

**Proposta:** Modificar.



## Artigo 106

Debería recollese explícitamente a prohibición do rexistro como patente dos recursos xenéticos de taxa silvestres por parte de entidades privadas.

**Proposta:** Modificar.

## Artigo 108

A Xunta de Galicia debería de establecer un Catálogo Galego de Especies Exóticas Invasoras. A tipificación destas especies non pode reducirse ás establecidas no catálogo español ou ás escasas especies contempladas pola normativa europea. A grave situación que afronta Galicia en relación coas especies invasoras esixe urxentemente o desenvolvemento desta medida.

O parágrafo 3 deberá reformularse, indicando que o seguimento das especies invasoras existentes en áreas próximas a Galicia, terá como obxectivo detectar preventivamente as especies que poden irromper no territorio galego, así como formular estratexias comúns de xestión.

Ademáis no apartado 4, hai que substituír “poderá elaborar” por “elaborará” e engadir o necesario Catálogo Galego, para poder ler: “A Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural ~~poderá elaborar~~ **elaborará** plans que conteñan as directrices de xestión, control e posible erradicación das especies dos Catálogos español e galego de especies exóticas invasoras”.

**Proposta:** Modificar.

## Artigo 110

Debería prohibirse nos centros zoolóxicos a presenza de especies que puidesen ser susceptibles, tras a súa liberación accidental ou intencionada, de converterse en especies exóticas invasoras. En caso de que se faculte administrativamente a un centro zoológico o mantemento destas especies, este terase que facer responsable, no caso de que os exemplares fosen postos en liberdade, de todos os custos derivados do control ou eliminación destas poboacións. Pola contra, como acontece na actualidade, estes custos páganse con diñeiro público.

No proceso de autorización para a posesión de especies susceptibles de converterse en especies exóticas invasoras, sería necesario o dictame do Observatorio Galego da Biodiversidade e/ou o COGAMADS.

A Lei debe actuar preventivamente e non especular se serán ou non susceptibles de se converter en EEI (especie exótica invasora), e polo tanto debería prohibirse con carácter xeral, salvo que se dispoña de autorización outorgada pola Consellería competente en materia de conservación do patrimonio natural, a introdución de especies non autóctonas nos espazos naturais protexidos de Galicia.

**Proposta:** Modificar.

## Artigo 111

O proceso de extinción debería ter unha referencia temporal. Non resulta prudente, nin conveniente, introducir especies extinguidas en tempos antigos. Os datos paleontolóxicos indican a presenza en Galicia en estado silvestre de hipopótamos e hienas hai 25.000 anos, non ten moito sentido recuperar estas especies en estado silvestre. O artigo debería indicar “extincións producidas nos últimos 100 anos”.

## Artigo 112

Deberíanse declarar de utilidade pública e interese social as actuacións necesarias para a asegurar a conservación destas árbores.

**Proposta:** Modificar.



## Artigo 113

O contido do artigo debe ser totalmente concordante coa Lei 42/2007 e a DC 92/43/CEE.

**Proposta:** Modificar.

## Artigo 114

Ao igual que no caso das Especies Exóticas Invasoras, sería necesario e urxente establecer un propio Catálogo de Hábitats Naturais en Perigo de Desaparición en Galicia, independentemente de integrar neste o Catálogo Estatal e o establecido pola Unión Europea a través da DC 92/43/CEE.

**Proposta:** Modificar.

## Artigo 116

O borrador esta a falar dos axentes ambientais ou é unha nova figura? Nese caso, cales son a súa categoría, funcións e dependencia orgánica?

**Proposta:** Modificar.

## Título -IV. Capítulo -I.

### Artigo 118

Os resultados das inspeccións, omitindo os datos de carácter privado, deberían ser publicados na páxina web da Dirección Xeral de Conservación da Natureza.

**Proposta:** Modificar.

## Título -IV. Capítulo -2

Omítese o artigo 79 da Lei 42/2007, o cal marca as pautas e criterios no momento de establecer as "infraccións e sancións". Este artigo debería transcribirse integramente na norma galega.

O anteproxecto asume como infraccións leves, graves e moi graves, as establecidas na Lei 42/2007, pero non as cita. Esta formulación non resulta conveniente de cara ao cidadán e a favorecer o cumprimento da Lei. As accións consideradas como infraccións leves, graves ou moi graves pola norma estatal, deberían figurar literalmente na norma galega, e posteriormente engadir, de ser necesario as determinacións propostas pola norma galega.

**Proposta:** Modificar.

### Artigo 120: Infraccións leves

Deberían ser consideradas como infraccións graves en lugar de leves, por exemplo:

A captura, tenza, naturalización, destrución, morte, deterioro, comercio, tráfico, exhibición ou naturalización non autorizados de especies incluídas no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia, sempre que non estean incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas.

A produción de ruídos evitables que alteren a tranquilidade habitual das especies provocando unha afección ás especies incluídas no Listado de especies silvestres en réxime de protección especial de Galicia.

Transitar, acampar, e acender lume nos lugares expresamente prohibidos nos instrumentos de planificación dos espazos naturais protexidos, ~~cando non existan danos ao patrimonio natural ou á biodiversidade.~~





A utilización dos nomes dos espazos naturais protexidos ou das súas posibles imaxes de marca sen a correspondente autorización.

Engadindo ademais:

A presenza de animais de compañía en lugares expresamente prohibidos. Así como a presenza de animais de compañía, sen cadea nin boceira, transitando en humidais, sistemas dunares, así como nas áreas de praia non habilitadas para ese efecto.

A tenencia e o uso de munición que conteña chumbo durante o exercicio da caza e o tiro deportivo, cando estas actividades exérganse en zonas húmidas incluídas na Lista do Convenio relativo a Humidais de Importancia Internacional, en zonas húmidas incluídas na Rede Natura 2000 e nas zonas húmidas incluídas en espazos naturais protexidos

**Proposta:** Modificar.

## **Artigo 121:** Infraccións graves

O apartado "b" debería modificarse e substituír "degradación severa" por alteración da súa estrutura ou funcionamento ecolóxico (véxase artigo 1 DC 92/43/CEE). O concepto de "degradación severa" resulta moi ambiguo.

O apartado "l" debería incluír "circulación", "estacionamento" e "aparcamento", formulándoo independentemente do "dano ambiental", xa que en moitos espazos naturais, o aparcamento e estacionamento anómalo afecta ás actividades de uso público, bloqueando vías peonís, zonas de acceso de minusválidos, ou mesmo as áreas reservadas á xestión do espazo (zonas de emerxencia, entradas e saídas de vehículos contra incendios), en ámbitos non urbanos, onde os infractores eluden a sanción ao non estar esta claramente tipificada na normativa.

Ademais debería contemplarse como infracción grave a vertedura de "zurros", o uso de "biocidas", ou o emprego do lume, cando este afecte negativamente á estrutura ou funcionalidade dos hábitats naturais protexidos, e se realice sen ningún tipo de autorización administrativa.

Deberíase engadir igualmente como infracción grave as plantacións de Eucalyptus, Pinus ou outras especies forestais sobre superficies ocupadas por hábitats de interese comunitario nos espazos naturais da Rede Natura 2000. Esta actividade é na actualidade unha das principais causas da perda de biodiversidade en Galicia.

No referente ás especies "en perigo de extinción" tanto a "posesión, destrución, morte, deterioro, recolección, comercio, captura ou exposición para o comercio ou naturalización non autorizados" como "a degradación severa do hábitat" deberían ser infraccións moi graves. O apartado "i) A introdución non autorizada de especies de flora ou fauna silvestre" non se entende: a introdución onde e de qué especies (ameazadas, non ameazadas, invasoras)?

**Proposta:** Modificar.

## **Artigo 127**

Debe engadirse a obriga de elaborar un informe anual relativo ás infraccións e sancións establecidas polo organismo autonómico competente en materia de Patrimonio Natural en aplicación da presente Lei, indicando polo menos os lugares e espazos afectados, os tipos de hábitats e especies, a tipoloxía da infracción e a sanción económica establecida. Así como o número de sancións que trasladaron ás autoridades xudiciais, así como a súa resolución se fora o caso.

**Proposta:** Modificar.

## **Artigo 129**

Calquera norma considera como agravante a reiteración dunha infracción. Non obstante o artigo 129 crea a figura de corsario ambiental, ao darlle potestade a un infractor de poder seguir vulnerando eternamente a Lei, mediante o pagamento dunha primeira e única sanción. Este artigo debería ser totalmente revisado. A concorrencia de



sancións debería formularse de xeito máis concreto e sen entrar en conflito cun proceso de reiteración de infraccións.

**Proposta:** Modificar.

## Artigo 133

No último parágrafo do artigo habería que substituír a palabra "poderá" por "deberá". Pola contra déixase aberta a posibilidade de que as infraccións sexan subxectivamente desestimadas.

### ⊙ Borrador. Artigo 123

No caso de non apreciarse a existencia de delito ou falta, a Administración **poderá** continuar o procedemento sancionador, baseándose nos feitos que a xurisdicción competente considerara probados.

### ⊙ Proposta

No caso de non apreciarse a existencia de delito ou falta, a Administración **deberá** continuar o procedemento sancionador, baseándose nos feitos que a xurisdicción competente considerara probados.

**Proposta:** Modificar.

## Referencias legais

- Borrador do Anteproxecto de Lei do Patrimonio Natural de Galicia. Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Dirección Xeral de Patrimonio Natural. [16/02/2017].
- Decreto 260/2007, do 13 de decembro, polo que se crea o Observatorio Galego da Biodiversidade e se determinan as súas funcións, composición e funcionamento. DOG 9, 14/01/2008.
- Directiva 2009/147/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 30 de noviembre de 2009, relativa a la conservación de las aves silvestres. DOUE L20/7, 26/01/2010.
- Directiva 92/43/CEE del Consejo de 21 de mayo de 1992 relativa a la conservación de los hábitats naturales y de la fauna y flora silvestres. DO L 206, 22/07/1992.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. DOG 34, 19/02/2016.
- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da Natureza. DOG 171, 04/09/2001.
- Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. DOG 252, 31/12/2002.
- Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas. BOE 181, 29/07/1988. Versión consolidada BOE (2015).
- Ley 30/2014, de 3 de diciembre, de Parques Nacionales, BOE 293, 4/12/2014.
- Ley 4/2015, de 24 de marzo, del Patrimonio Natural de Castela y León. BOCL 61, 30/03/2015.
- Ley 42/2007 del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad. BOE 299, 14/12/2007. Modificada pola Ley 33/2015, de 21 de septiembre por la que se modifica la Ley 42/2007, de 13 de diciembre, del Patrimonio Natural y de la Biodiversidad. BOE 227, 22/09/2015. Versión consolidada BOE (2015).
- Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de julio, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Aguas. BOE 176, 24/07/2001. Versión consolidada BOE (2013)

En Santiago de Compostela a 3 de marzo de 2017

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto